

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE SETEMBRO

DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre, integrante do Grupo Mixto.

Non asisten, con escusa, dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG, e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata, integrante do Grupo Mixto.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de maio de 2014, á sesión extraordinaria do día 19 de xuño de 2014 e á sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de maio de 2014 e á sesión extraordinaria do día 19 de xuño de 2014. Faise constar que a acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2014 queda pendente para a súa aprobación na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 29 de maio de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM) e dezoito concelleiros na sesión extraordinaria do día 19 de xuño de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM) aproba os borradores.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas – Programa Cambre Emprende 2014

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 19 de setembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 23 de setembro de 2014.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata da convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas, coa denominación Cambre Emprende, que está destinada a subvencionar as cotas de todos os emprendedores autónomos no réxime especial de traballadores autónomos durante os seis primeiros meses de actividade, sobre as cotas efectivamente pagadas, e tomando como base a base mínima de cotización para o ano 2013 e 2014. A contía orzamentada é de 60.000 euros e as empresas subvencionadas son as creadas entre as datas 1 de xullo de 2013 a 1 de xullo de 2014. O prazo de presentación das solicitudes é ata o 5 de decembro.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, comeza dicindo que se trata do mesmo programa que aprobaron o ano pasado, sen apenas modificacións, e por iso o seu grupo vai reiterar as mesmas afirmacións que fixo no pleno de maio do ano pasado en relación co programa.

Volven reiterar que lles parece esaxerado ou un pouco pretencioso falar dun programa de creación de empresas, volven dicir o mesmo que dixeron naquela ocasión, que é máis ben un programa de fomento do autoemprego, e ademais cren que con esta medida, con este programa, dende a súa concellería estase renunciando á elaboración dun plan de promoción económica, entendendo por plan o que é un plan, é dicir, unha serie de medidas conectadas e moito máis ambiciosas.

Di que non lles gusta o sistema de concesión das axudas, dixerónllo no pleno do ano, pasado, volven reiteralo. Ao establecer un sistema de concesión por rigoroso orde de presentación ata fin da partida, volven a insistir en que cren que así están renunciando a establecer criterios que permitan seleccionar aqueles proxectos de maior viabilidade, ou con maior capacidade de creación de emprego. Dixéronlle naquela ocasión que lles parecía insuficiente como medida de promoción económica, porque soamente atendía á creación de novas empresas, non proporcionaba apoio aos empresarios que actualmente estaban, por iso, porque é un programa, non é un plan de promoción económica.

Tamén lle dixeron que para ser un verdadeiro plan debería de ir acompañado dunha serie de medidas complementarias, como dispoñibilidade de solo, un programa de fiscalidade, unha serie de beneficios fiscais, etc. Tamén lle dixeron naquela ocasión que lles parecía como medida de fomento do emprego, insuficiente.

Continúa dicindo que non só se reiteran nestas medidas, senón que naquela ocasión a Sra. concelleira non entendeu a crítica que se lle facía dende a oposición ao cualificar o programa como pouco ambicioso, ten aquí anotada a intervención que a concelleira fixo da acta correspondente a ese mes. A Sra. Vázquez naquela ocasión preguntábase como podían considerar que o proxecto non era ambicioso, dicía que a partida era a mesma e que se tiñan presentado quince solicitudes, e son 15 solicitudes as que se concederon, co cal, aínda pensando que este ano as solicitudes foran 30 aínda sobraría partida, se foran 40 se cubriría a partida, e se foran 50 tamén, porque hai que ter en conta, dicía a concelleira popular, que o ano pasado os menores de 30 anos fan pagar, segundo o disposto no Real decreto do Goberno central, unha cota de autónomos superreducida de 52 euros, e que esa ía ser a cantidade que fan recibir do concello no caso de que presentaran a súa solicitude.

Pois ben, dicíanlle que era pouco ambicioso por xustamente o que a Sra. concelleira expuxo, e este ano aínda é menos ambicioso, tendo en conta o programa de bonificacións aprobado polo Goberno Central, no cal se establecen bonificacións tamén ás cotas de autónomo.

Si pregunta por que é pouco ambicioso, vaillo explicar. Se aboar 52 euros a unha persoa, despois de telos aboados ela, é dicir, aproximadamente uns 300 euros en total de axudas a unha persoa menor de 30 anos, non durante o tempo que ten que abonarlas, senón despois de telas abonado, ela non entende que talvez pareza insuficiente para decidir a unha persoa a emprender, aínda vai ser moito menor o efecto desta medida actualmente, trala aprobación por parte do Goberno desas bonificacións. Trátase dunha medida que está incidindo sobre medidas que xa ten adoptado o Goberno, polo tanto, a contía ou a capacidade que ten de incidir o Goberno municipal sobre a realidade, neste caso vai ser moi pequena, ínfima.

É certo que o que estableceu o Goberno son bonificacións, que segundo a Lei de subvencións as bonificacións sociais e as reducións fiscais non teñen a consideración de subvencións, pero non é menos certo que tanto as bonificacións sociais como os beneficios fiscais, son medidas de fomento, igual que este programa, e as dúas inciden sobre a mesma realidade, que son as cotas de autónomos.

Parécelles que se o que pretenden dende o Goberno municipal con este programa é cubrir o expediente, dicir que teñen un programa de emprendemento e que de 34 solicitudes que se presentaron van atender 34, e que este ano grazas ás bonificacións do Goberno esa partida de 60.000 euros dará para moitísimos máis, seguramente se presentan 100 solicitudes serán atendidas as 100 solicitudes, pois entón, se ese é o obxectivo, felicitaos, porque poderán dicir o ano que vén ou cando a Sra. concelleira faga o relatorio da súa xestión, que teñen aprobado un plan que lles permitiu atender a todas esas persoas.

Agora ben, se atenden á eficacia das medidas, cre que tras as medidas que se teñen aprobado polo Goberno, están incorrendo nunha especie de duplicidade, perdoe que llo diga, e cre que o Goberno municipal debería ter sido un pouco máis orixinal, ter dado unha volta a este programa e ter traído aquí outro tipo de medidas. Dende a oposición seguro que están en disposición de poñer enriba da mesa ou suxerirle outras moitas medidas, por exemplo, a creación de espazos de traballo, para que un

empresario que xa ten bonificada a cota que paga á Seguridade Social polas políticas do Goberno Central, poida polo menos tamén atender ao pago dun local ou espazo onde poida exercer a súa actividade.

Por todas estas razóns, porque se manteñen as mesmas críticas ao anterior programa, e porque cre que neste caso poden aumentar as críticas que lles fixeron no pleno pasado, o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster tamén. Repiten o mesmo que o ano pasado, cren que é unha falta de ambición e o que é peor aínda, é unha falta de ideas á hora de loitar contra o desemprego.

Cren sinceramente que do ano pasado ata este non se traballou no máis mínimo neste programa e, como sempre e en todo, non se consensúa nin se consulta co resto da oposición. Conclúe dicindo que vanse abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que reiterando o que indican os compañeiros que lle precederon, e dicindo o mesmo, ano tras ano repiten os mesmos argumentos, e eles fan caso omiso, porque realmente tampouco lles importa que reiteren que non é un programa ambicioso. Calquera no seu lugar cre que polo menos chamaría por teléfono, concertaría unha cita e, por exemplo, dado que levan dous anos dicindo que isto non lles parece ambicioso, preguntarlles que poderían facer, que propostas teñen, pero como non lles interesa o que a oposición diga, pois volven dicirlles o mesmo, que isto non é suficiente.

Continúa dicindo que isto non chega, que isto non palía nin o máis mínimo os efectos da situación crítica que se está vivindo. Este programa non loita activamente, nin sequera pasivamente, contra o desemprego. Dende que se aprobou este programa veñen dicindo unha e outra vez que non é ambicioso, que non é suficiente, pero vanllo dicir con datos, porque doutra forma parece ser que non o entenden, con datos do Ministerio de Traballo, non son datos de EU.

Cando eles se sentaron a gobernar, cando a concelleira Marta Vázquez asumiu a concellería que rexenta, en xuño do ano 2011, en Cambre había 1.925 parados, a día de hoxe, que teñen os datos do mes de agosto, hai 2.036. Entón agora xa poden dicir o que queiran, poden seguir traendo Cambre Emprende ano tras ano, pero é certo que para o Goberno do PP nunca foi unha preocupación o desemprego, xa que con estes datos reais, datos numéricos e datos certos que están dando, calquera gobernante que se preocupe polos seus veciños e pola súa situación, faría o imposible para, dende o seu ámbito de actuación, o ámbito municipal, paliar ou polo menos intentar facelo, esa lacra que é o desemprego, non con medidas como esta, con isto xa lles adiantan que non o van conseguir.

O desemprego todos saben que leva consigo situacións moi graves, que son depresións, xente con problemas moi graves de ansiedade, desafiuzamentos, problemas de alimentación, que xa teñen traído tamén este tema aos plenos, nos nenos, nos maiores, casas onde todos coñecen que en Cambre hai tres xeracións que seguen vivindo coa pensión do avó. E todo isto era o tema crucial desta lexislatura da

que xa levan esgotados tres anos, e eles pasaron por alto moitísimas propostas que trouxeron para intentar loitar contra esa lacra dende os grupos da oposición, e concretamente EU moitas veces.

Sacan un Cambre Emprende e quédanse tan anchos. Reitera as palabras que dicía a compañeira do Partido Socialista, por 345 euros que lles dea o Goberno municipal de Cambre, non abren un negocio.

Conclúe dicindo que EU, evidentemente, vaise abster, porque non se pode votar en contra dunha axuda, por insuficiente que sexa, pero insisten no tema.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto da comisión, favorable.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe di que lle gustaría lembrar aos grupos da oposición que con tan malos ollos ven este tipo de axudas, ou as formas con que se outorgan, que é a primeira vez, atrévese a dicir que dende que hai democracia en España, que no Concello de Cambre se destinan máis de 240.000 euros ás partidas de fomento do emprego, porque aquí houbo un Goberno que estivo gobernando durante 30 anos, moitos dos cales, os últimos anos, corresponderon a períodos de crise, e a partida para fomento do emprego era inexistente.

Ten sido o actual grupo de goberno o que por fin, nun orzamento municipal, decidiuse a tomar medidas e a crear unha partida específica para fomento do emprego. Ela está de acordo coa Sra. Margarita en que é verdade que unha axuda ao emprendedor por un período de 6 meses non define a creación dunha empresa, non é definitiva, ninguén vai crear unha empresa porque se lle dea esa axuda. É un incentivo, un incentivo máis. Loxicamente pode parecerlles que seis meses son insuficientes, ben, dilles que eles teñen uns recursos limitados, pero que a partida que teñen agora mesmo para políticas de fomento do emprego e subvencións non é de 60.000 euros, é de 120.000, polo tanto, esta só é unha medida, traerán outras a pleno.

Como adianto, vailles anunciar que para principios do 2015, xa a partir de xaneiro, estas axudas de autónomos faranse por un ano, non serán por seis meses, o serán por un ano.

Dicir tamén á Sra. Margarita que o autoemprego autónomo si é unha empresa, é unha empresa como outra calquera, sexa unipersoal ou non o sexa, é unha empresa.

Tamén se dixo que dende os servizos técnicos de ADL que non se selecciona ás empresas ás que se lles dá a subvención. A ela gustaríalle que lle aclarase o grupo socialista que se quere dicir con iso, que significa seleccionar a unha empresa para recibir unha subvención. Obviamente, se o proxecto non é viable unha vez analizado polos técnicos especialistas, non se pode outorgar diñeiro público a calquera que veña por aquí presentando calquera proxecto que non sexa viable como empresa. Iso cre que pode entendelo calquera.

Conclúe dicindo que en canto á compatibilidade coas medidas do Goberno Central, é discutible. É certo que o Goberno agora mesmo puxo unhas bonificacións á cota de autónomos e, evidentemente, en previsión diso o programa Cambre Emprende ten que ampliarse, están de acordo niso. Non se puido facer agora porque as bases que teñen que traer teñen que ser para o ano 2014, que se acaba nuns dous meses, pero para o 2015 o programa estará ampliado.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais di que non vai entrar nas definicións, o autoemprego é empresa se crean unha empresa, se non se crea unha empresa non o é, se hai a creación dunha sociedade ou dunha empresa será empresa, senón, non. Pero non vai entrar niso.

Di que ela cre que a Sra. concelleira non acaba de captar o sentido da intervención, do que lle estivo falando. Hai que ser esixente co diñeiro dos contribuíntes, e niso dálle a razón. Recoñecía a concelleira popular que unha axuda de 300 euros é un incentivo insuficiente, pero é un incentivo, e aí están de acordo. Pero o que ela lle está propoñendo é que entende que os recursos do concello son limitados, pero pídelle que porque son limitados, decidan onde destinalos, e onde a capacidade de incidir por parte do concello na realidade e na promoción económica pode ser máis efectiva ou non. Igual incidir sobre unha realidade sobre a que xa está incidindo o Goberno Central, que ademais é quen o pode facer, porque ademais pode bonificalos ao tempo que pagan, é dicir, a bonificación supón que o autónomo non ten que abonar primeiro, a diferenza de cando recibe por parte do concello unha subvención, o cal supón un esforzo, ao mesmo tempo que está iniciando unha empresa. Di que por iso a administración que mellor pode facer iso é a administración central, e eles son os defensores de evitar as duplicidades e de considerar que a administración que ten maior capacidade para realizar este tipo de medidas, as realice.

Di que ese é o problema, por iso o que está expoñendo é que igual deberían dende a Concellería de Economía ter pensado noutro tipo de medidas. Lémbrale que estas medidas refírense ás modificacións que van dende o ano pasado, dende xullo do 2013 ata xuño deste ano, do 2014. O decreto do Goberno de bonificación das cotizacións á Seguridade Social polo réxime de autónomos apróbase en xuño do 2013 tamén, dende aí ata aquí o equipo de goberno puido imaxinar outro tipo de medidas que axuden á promoción económica dentro deste concello.

Dicía a concelleira popular que os servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local non se van poder poñer a seleccionar ás empresas, obviamente con este programa, non. Este programa non establece iso, este programa o que establece é que por rigorosa orde de presentación irán concedendo as axudas. O que lles reclama o Partido Socialista é precisamente de cara, ou velando polo uso adecuado dos recursos públicos, o que lles están pedindo é que establezan un verdadeiro programa, un verdadeiro plan de promoción económica, e de promoción do emprendemento, e con este plan non o están facendo.

O Sr. alcalde pídelle que vaia rematando a súa intervención.

Dona Margarita Iglesias Pais continúa dicindo que se tiveran establecido outro tipo de plan, por suposto que poderían ata ter establecido medidas, e poderían ter seleccionado a aquelas empresas que eran susceptibles non só de ter unha maior viabilidade no tempo, senón que foran capaces de crear unha maior actividade económica.

E en canto á compatibilidade, ela non discute a compatibilidade, é legal o que o Goberno municipal fixo, é dicir, a subvención é totalmente compatible coa bonificación, o que está discutindo é dende o punto de vista político. Legalmente é aceptable, porque así o establece a Lei de subvencións, pero dende o punto de vista político están incidindo sobre unha mesma realidade, e como están incidindo sobre unha mesma realidade, non é eficaz.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el só quere agradecerlle á concelleira, e o di en serio e de verdade, que lles anuncie as medidas que van tomar no ano 2015, e que non o fagan na prensa como adoitan facelo, polo tanto, dá as grazas.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que só quere preguntarlle á concelleira do grupo socialista, que afirma que bota de menos que non se traian outro tipo de medidas, como sabe ela que non hai outro tipo de medidas que se van traer proximamente ao pleno.

Di que este programa forma parte dunha partida de fomento do emprego ampla, a primeira vez que a hai, repite, e é un programa da mesma partida. Dentro desa partida que ten un orzamento para fomento do emprego hai outros programas que se van traer. Agora mesmo estase estudando cales van ser eses programas, hai varias vías, e dille que non se preocupe que se traerán máis programas, ese é o compromiso.

Logo incide tamén en que se subvencionou unha cantidade de 300 euros, iso nalgúns casos, pero grazas ás medidas de fomento do emprego do Goberno Central de 2013, nalgúns casos eran 300 euros pero noutros casos eran 1.700 euros. Non sempre van ser 300 euros.

En canto á orde de presentación, evidentemente non cumpre o mesmo prazo dos seis meses de pago da cota de autónomos o que comeza a actividade en xaneiro que o que a comeza en marzo, pero o que non é viable é deixar que todo o mundo presente as subvencións e despois pagar, o lóxico é ir pagando a medida que se van cumprindo os prazos. Por iso se establece a orde.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que estalle dicindo que ela está renunciando a facer unha selección.

O Sr. alcalde intervén para dicir que a palabra a outorga o presidente.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que quere facer dúas puntualizacións. A primeira é respecto do que dixo a Sra. concelleira, de que en Cambre na historia da democracia nunca se destinara unha cantidade de diñeiro tan

grande para paliar o paro, lémbrale á Sra. concelleira que no ano 79 había en España un millón de parados e hoxe son máis de seis millóns de persoas paradas.

En segundo lugar, coincidindo co que comentaba o Sr. García Patiño, xa se empezan a escoitar eses coletazos de “para o ano 2015 imos poñer 12 meses”, “para o ano 2015 non se vai pagar o IBI”. Está sendo divertido xa como encabezan o ano que vén.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que relacionado co que comentaba a concelleira de EU, a súa pregunta é por que se establece o gasto no último exercicio neste programa en practicamente 16.000 euros con cargo a unha partida orzamentaria que entende ten 60.000 euros, e se aí nesa mesma partida, lxicamente non ten agora mesmo os orzamentos, e non o pode saber de memoria, na de axudas á contratación e fomento do emprego, aí hai outras partidas. Pregunta se teñen feito algún cálculo respecto da medida que anunciaban para o ano que vén de cal pode ser o custo total do Cambre Emprende ampliado a 12 meses, entendendo ademais que se perdería parte da redución de cota de seis meses, esa axuda que fai a administración estatal. Se o teñen calibrado ou non, ou se é un anuncio, que lle permitan dicilo con todo o respecto, un pouco electoralista.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que evidentemente non poden ter o cálculo, principalmente porque non saben as empresas que se van crear de aquí a que se abra o prazo de solicitude da dita subvención. Esta subvención é unha subvención que é en concorrencia non competitiva e a fondo perdido ata o esgotamento do crédito. Evidentemente, é o que teñen feito ata agora, estará orzamentada nunha determinada cantidade, e será ata esgotamento do orzamento, de forma que, se non se pode pagar a todos os que solicitan a subvención o 100%, pois probablemente cobrarán o 90.

Polos datos técnicos que ela ten, incluso ampliándoa ao prazo dun ano, concederíanse todas ao 100%, agás que houbese un boom empresarial e en Cambre se creasen nun ano ao redor de 100 ou máis empresas, o cal, por outra parte, a ela lle gustaría, aínda que non puidera dar o 100% da subvención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro de PdeC, integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprende 2014, así como os modelos de anexos, tal e como se transcriben a continuación:

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA 2014 DO PROGRAMA AXUDAS MUNICIPAIS
Á CREACIÓN DE EMPRESAS
PROGRAMA CAMBRE EMPRENDE 2014**

Base 1º: Disposición xeral

- 1.1. A convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas do Concello de Cambre, programa “Cambre Emprende”, ten por obxecto incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto coa Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización e a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no que resulte de aplicación a lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V “Subvencións” das bases de execución do orzamento do exercicio 2014 do Concello de Cambre.
- 1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:
- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
 - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- 1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 60.000,00 con cargo á aplicación orzamentaria 2014 241 470 “Axudas á contratación fomento do emprego”. En calquera caso, a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nesta aplicación orzamentaria.

Base 2º: Obxecto e persoas beneficiarias

2.1) Obxecto

A finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre, independentemente da súa forma xurídica, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo para as persoas desempregadas que os leven a cabo.

Ao abeiro do programa Cambre Emprende 2014 as axudas dirixiranse ás altas no Réxime especial dos/as traballadores/as por contra propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalicen desde o 1 xullo de 2013 ao 30 de xuño de 2014, ambos os dous incluídos.

Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva.

2.2.) Persoas beneficiarias:

2.2.1. Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Que estean desempregadas no momento de iniciar a actividade empresarial:
 - o Entenderase por persoa desempregada a que careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, segundo o certificado de non inscrición da mutualidade do colexio profesional, o día anterior á data da súa solicitude de alta no do RETA da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.
 - o Entenderase como data de inicio da actividade empresarial a da solicitude de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional do que se trate.

- Que se dean de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís.
- Que desenvolvan a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:
 - o En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre.
 - o En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea dentro do termo municipal de Cambre.
- Que desenvolvan esta actividade como mínimo durante un ano, que se contará a partir do día de efectos de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional do que se trate.
- Que non desenvolvesen como traballadores/as autónomos/as:
 - o A mesma ou similar actividade en Cambre durante os seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE.
 - o Calquera outra actividade nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade.

2.2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración pública.
- d) Estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen ostente a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

2.2.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, de 4 de agosto.

Base 3º: Tipo de subvención e contía

As axudas, a fondo perdido, subvencionarán ata o 100% das cotas efectivamente pagadas dos 6 primeiros meses naturais do exercicio da actividade correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, tomando como referencia a base mínima de cotización para cada anualidade do RETA, 2013 ou 2014 segundo corresponda, ata o esgotamento dos fondos.

Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

Base 4º: Concorrenza con outras subvencións

Esta subvención é incompatible con calquera outra subvención polo mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial outorgada por outras institucións, agás os pagos das cotas do RETA ou da mutualidade de colexio profesional a través do cobro da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único.

Base 5º: Solicitudes, documentación e prazo

As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao alcalde do Concello de Cambre e presentaranse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, o 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes deberanse presentar no modelo normalizado "Solicitud" que figura como anexo I a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas do orixinal ou copia compulsada de:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante debidamente compulsada.
- b) CIF e contrato de constitución, no caso de sociedades non mercantís.
- c) CIF e escrituras de constitución debidamente rexistradas, no caso de sociedades mercantís, xunto co poder da persoa que asina a solicitude no nome da sociedade.
- d) Declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036 e/ou 037) e, se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas.
- e) Documento de solicitude e resolución e recoñecemento da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponde.
- f) Informe actualizado de vida laboral.
- g) Memoria económica do proxecto empresarial, asinada pola persoa solicitante, que inclúa o orzamento do investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade do proxecto, segundo o modelo normalizado do anexo IV ou calquera que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- h) Recibos bancarios de pagamento das cotas do RETA ou mutualidade profesional da que se trate, relacionados segundo o modelo normalizado do anexo V.
- i) Declaración responsable, entre outros aspectos, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a autorizacións asinada pola persoa solicitante, segundo o modelo do anexo II.
- j) Declaración compresiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo concepto do proxecto ou actividade, polas administracións públicas

competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do anexo III.

- k) Certificado acreditativo de estar ao corrente nos pagamentos coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Base 6º: Autorizacións

6.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre, segundo establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá expresamente autorización ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello de Cambre como responsable dos ficheiros, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Base 7º: Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

7.1. O procedemento tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

7.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Base 8º: Resolución e recursos

8.1. O/A alcalde/sa será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións; resolución que se ditará por este órgano ou en que se delegase, unha vez recepcionada a proposta definitiva dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 6 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso – administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso – administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Base 9ª. Pagamento

O abono da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade con obxecto da subvención, e tendo en conta que ésta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude.

Base 10º: Obrigas das persoas beneficiarias

- a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo dun ano, salvo por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente. No caso de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ante o Concello de Cambre no mes posterior a dita baixa.
- b) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.
- c) Comunicarlle ao órgano concedinte calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

Base 11º: Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Base 12º: Revogación e reintegro

12.1. Procederá a revogación da axuda, así como reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12.2. Procederá a revogación da axuda no suposto de non estar ao día das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e co Concello de Cambre, así como a da Seguridade Social, durante o período esixido de permanencia como autónomo ou na mutualidade correspondente, para a concesión de subvención (12 meses).

12.3. Procederá o reintegro total da axuda percibida ao abeiro da base segunda destas bases a obriga establecida de manter a actividade durante un ano.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Base 13º: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co requisito establecido na base décima, apartado a) deste programa.

ANEXO I: Solicitud



SOLICITUDE (ANEXO I) CAMBRE EMPRENDE

Departamento Axencia de Desenvolvemento Local
981 61 31 96/28 adl@cambre.org

SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.
Apelidos e nome		D.N.I.
Dirección		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	

Autónomo Sociedade civil / comunidade de bens Outras Sociedades

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N.I./N.I.E
-----------------	--------------

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (se é distinto do anterior)

Dirección		
C.P.	Localidade	Provincia

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE NEGOCIO

Actividade económica (descrición)		CNAE
Dirección do negocio		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	
Data alta seg.social	Nº inscrición seg.social	Data alta IAE

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	<input type="text"/>

--	--

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

PERSOA FÍSICA

- Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E.

PERSOA XURÍDICA

- Fotocopia compulsada do C.I.F.
 Fotocopia compulsada escritura constitución
 Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
 Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E. da persoa que exerza a actividade

COMÚN

- Fotocopia compulsada da declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036-037) e/ou IAE.
 Fotocopia compulsada do documento de solucitude e recoñecemento da alta na Seg.Social ou análogo
 Fotocopia compulsada do informe actualizado de vida laboral.
 Memoria económica do proxecto empresarial.
 Declaración responsable (anexo II)
 Documentación acreditativa de estar ao corrente de obrigas fiscais e de seguridade social.
 Declaración comprensiva das axudas solicitadas e/ou obtidas (anexo III)
 Memoria económica do proxecto empresarial (anexo IV).
 Fotocopia compulsada dos xustificantes bancarios do pagamento das cotas do RETA ou análogo, coa relación numerada de xustificantes (anexo VI).

Sr/Sra alcalde / alcaldesa do Concello de Cambre

Quen subscribe **solicita** a concesión da axuda económica para a creación das empresas do Programa Cambre Emprende e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de _____ de 201

Asdo

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

ANEXO II: Declaración responsable



DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II) CAMBRE EMPRENDE

Don/dona _____, con D.N.I. _____

En nome e representación de

Razón Social _____, C.I.F: _____

Declaro responsablemente que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base cuarta do programa, non concorre ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnense as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido na base segunda do programa.
- Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- Autoriza ao Concello de Cambre á obtención das certificacións establecidas na base sexta do programa, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Autoriza ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Cambre Emprende, nomeadamente a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante o primeiro ano de actividade, conforme o establecido nas bases sexta e decimocuarta do programa.

Cambre, a__ de _____ de _____ Asdo.: _____	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".
---	---

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

ANEXO III: Declaración expresa doutras axudas



DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III) CAMBRE EMPRENDE

Don/dona _____, con D.N.I. _____

En nome e representación de

Razón Social _____, C.I.F: _____

Declaro responsablemente:

- Que para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa, solicitáronse ou obtivéronse as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición reguladora	Solicitada / Concedida	Ano	Importe

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Cambre, a __ de _____ de _____ Asdo.: _____	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".
--	---

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

Anexo IV: Memoria económica



MEMORIA ECONÓMICA (ANEXO IV) CAMBRE EMPRENDE

DATOS PERSOAIS

Razón social		C.I.F.
Apelidos e nome		D.N.I.
Dirección		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	

DATOS PROFESIONAIS

Profesión
Estudios realizados
Formación relacionada coa actividade empresarial que se vaia desenvolver

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Actividades profesionais realizadas	Por conta allea	Por conta propia	Duración(meses/anos)

IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

Nome da empresa		NIF/CIF/NIE	
Enderezo		Localidade	C.P.
Provincia	Teléfono	Fax	Enderezo electrónico

Local do negocio

<input type="checkbox"/> En propiedade		<input type="checkbox"/> En alugueiro		<input type="checkbox"/> En traspaso		<input type="checkbox"/> Sen local determinado	
É a súa vivenda habitual? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		Dimensións do local		É local autorizado? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON			

Forma de constitución

<input type="checkbox"/> Autónomo/a	<input type="checkbox"/> Sociedade mercantil	<input type="checkbox"/> Comunidade de bens	<input type="checkbox"/> Sociedade civil
Nome da sociedade ou comunidade		Número de socios/as	Porcentaxe de participación do solicitante
Data de solicitude de alta na seguridade social ou mutualidade		¿É perceptor do pagamentno único da prestación por desemplego? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

Descrición da nova actividade que se vaia desenvolver:

Describe brevemente a actividade da empresa

Mercado da nova empresa

--

Recursos humanos

Postos de traballo ó inicio da actividade:

Previsión de incremento de persoal no primeiro ano; perfil:

Para cumprir co art. 5 da lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumplimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes de venda ambulante. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.



MEMORIA ECONÓMICA (ANEXO IV)
CAMBRE EMPRENDE

PLAN DE INVERSIONS

CONCEPTO	IMPORTES
Inmobilizado material e intanxible	
Compra de local	
Acondicionamento de locais	
Instalacións	
Ferramenta	
Maquinaria	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipamentos e aplicacións informáticas	
Dereitos de traspaso	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE (A)	
Resto investimentos	
Existencias	
Tesouraría	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL RESTO DE INVERSIONS (B)	
TOTAL (A+B)	

PLAN DE FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANCIEROS	IMPORTE
Fondos propios	
Préstamos acollidos a convenio	
Outros préstamos	
Outras formas de financiamento	
TOTAL FINANCIAMENTO	

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTAS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS

INGRESOS	1º ano	2º ano
Vendas		
Prestación de servizos		
Outros ingresos		
TOTAL INGRESOS		
GASTOS		
Gastos de constitución		
Compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos		
Arrendamentos		
Servizos de profesionais independentes		
Publicidade		
Seguros do local		
Subministracións (electricidade, auga, etc.)		
Gastos seguridade social do promotor		
Gastos do persoal contratado		
Gastos financeiros		
Dotacións por amortizacións		
Outros (especificuese)		
TOTAL GASTOS		
BENEFICIO BRUTO PREVISTO		
Impostos		
BENEFICIO PREVISTO		

Para cumprir co art. 5 da lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumplimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes de venda ambulante.. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.



MEMORIA ECONÓMICA (ANEXO IV)
CAMBRE EMPRENDE

COMERCIALIZACIÓN

Describe brevemente o seu plan de márketing, venda e comercialización dos seus produtos e/ou servizos

OUTROS DATOS DE INTERESE

Describe brevemente: plan de riscos laborais, igualdade na empresa, responsabilidade social, etc.

<p>Cambre, a__ de _____ de _____</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.</p> <p>Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".</p>
--	--

Para cumprir co art. 5 da lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumplimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoste que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes de venda ambulante.. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

ANEXO V: Relación numerada de xustificantes

RELACIÓN NUMÉRICA DE XUSTIFICANTES (ANEXO V) CAMBRE EMPRENDE



Don/dona _____, con D.N.I. _____

En nome e representación de

Razón Social _____, C.I.F.: _____

Presenta os seguintes xustificantes bancarios de pagamento:

Nº Orde	Mes / ano da cota	Importe	Observacións
1			
2			
3			
4			
5			
6			
	Total		

<p>Cambre, a __ de _____ de _____</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.</p> <p>Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".</p>
---	--

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

Segundo: Aprobar o gasto correspondente as axudas con cargo á aplicación orzamentaria 2014 241 470 "Axudas á contratación fomento do emprego", por importe de 60000,00 (sesenta mil) euros.

2.2. Aprobación, se procede, das bases de bolsas de estudo para o curso 2014-2015

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social,

Sanidade e Educación do día 17 de setembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 23 de setembro de 2014.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, explica que dende o Concello de Cambre preténdese conceder unha axuda económica, por medio de convocatoria das bolsas de estudo, ás familias do alumnado que non cursen educación obrigatoria, xa que nestas etapas están subvencionadas pola Xunta de Galicia, en toda a educación primaria e secundaria e a especial. Polo tanto, dende o Concello de Cambre conceden axudas ao alumnado de 2º ciclo de educación infantil, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

Di que este ano aumentaron a partida nun 20% para cubrir as posibles demandas. O ano pasado foi suficiente, pero este ano decidiron aumentar un 20% por se hai algunha posibilidade de que haxa algunha solicitude máis e poder atendela.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, tendo en conta que o Goberno mantivo no texto das bases a emenda, o voto particular que presentaron o ano pasado, polo tanto, igual que o ano pasado votarán a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que vanse abster. Votarían favorablemente se estableceran unha cláusula dentro das bases, na parte terceira, apartado un, estar matriculado nun centro escolar, que puxera estar matriculado nun centro escolar público, agás en educación infantil, porque entenden que hai xente en educación infantil que non lle queda moito máis recurso que acudir a un centro privado, pero o Bloque, que é unha forza de esquerdas e que defende o ensino público a capa e espada, entende que a xente que opta por un bacharelato nun centro privado, ou por educación secundaria nun centro privado, ten que pagalo do seu peto e non cos cartos dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, integrante do GM, manifesta que vai manter o voto da comisión e vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e o concelleiro de PdeC, integrante do GM, e abstéñense os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2014-2015, así como os modelos de anexos, tal e como se transcriben a continuación:

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2014/2015

PRIMEIRA: Obxecto:

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou roupa destinada á escolarización dos nenos ou necesaria para a formación para o curso 2014/2015 como acción de fomento, destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de educación infantil, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

Non se considerará material escolar a efectos das presentes bases os gastos de investimentos e de adquisición de aparatos de novas tecnoloxías tales como ordenadores, tablets,..

SEGUNDA: Crédito:

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 12.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2014 323 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

TERCEIRA: Beneficiarios:

1.- Poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroado no Concello de Cambre con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda.
- 2) Estar matriculado nun centro escolar.
- 3) Convivir co solicitante da bolsa.
- 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 euros.

Quedan excluídos da presente convocatoria os alumnos que cursen educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o presente curso.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polos representantes legais do alumnado, pais, nais ou titores.

CUARTA: Renda per cápita anual familiar:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2013, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaran os recadros 455 (base imponible xeral) e o 465 (base imponible do aforro) da declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2013, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- O pai e nai non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos que figuren empadroados e residan no domicilio familiar, solteiros menores de 26 anos ou os de maior idade cando teñan algunha minusvalía ou se encontren en situación de desemprego.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.
- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa. Non obstante, se fose o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
- A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.
- Para a condición de familia monoparental enténdese a formada pola nai solteira ou pai solteiro, con fillos menores a cargo, que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación/divorcio (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia). É dicir, entenderase cando formen parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao sustento do menor.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2013, deberá documentarse o exercicio 2014 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- En caso de separación ou divorcio, certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia de dúas nóminas da empresa que apareza na vida laboral ou certificado do empregador. En caso de desemprego, certificado de vida laboral, achegando certificado da Oficina de Emprego, no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara e, en caso de desemprego, en percibir prestación, achegarase, so certificado de vida laboral.

- En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia de dúas nóminas da empresa que apareza na vida laboral ou certificado do empregador.

QUINTA: Solicitudes:

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde, podendo presentarse en calquera dos rexistros xerais do Concello de Cambre, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e será de 10 días naturais, do que se informará a través de trípticos, pantallas dixitais municipais e páxina web do Concello de Cambre.

SEXTA: Documentación:

As solicitudes de subvención deberán formularse no **modelo normalizado**, que figura como Anexo I, e que se facilitará en calquera dos rexistros xerais do Concello e na páxina web municipal (www.cambre.org) e deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

- Fotocopia (compulsada) do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios.
- Fotocopia (compulsada) do libro de familia ou certificado literal de nacemento de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia (compulsada) do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2014-2015.
- Fotocopia (compulsada) de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto e uniformes escolares, co nome do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo, na que deberán figurar obrigatoriamente os seguintes datos:
 - CIF, NIF ou NIE do establecemento.
 - Nome do titular do establecemento.
 - Datos do titular do establecemento.
 - Datos do solicitante ou beneficiario da axuda.
 - Data e número da factura.
 - Concepto do adquirido detallado.
 - Deberase acreditar o pago da factura.
 - Non terán validez os tiques.

Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento polos mesmos das súas obrigas tributarias, (esta autorización facilítase xunto co modelo normalizado).

- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2013 segundo o disposto na base 4 da convocatoria.
- Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social de cada un dos membros da unidade familiar, segundo o anexo III (esta declaración facilítase xunto co modelo normalizado).
- Impreso de rexistro de Empadramento Colectivo (deberá solicitarse no rexistro de entrada municipal).

- Declaración do solicitante de non percibir axuda o solicitante ou beneficiario ningunha para a mesma finalidade, segundo anexo IV.

Se é o caso:

- Fotocopia (compulsada) do título de familia numerosa.
- Fotocopia (compulsada) da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia (compulsada) do xustificante de viuvez.
- Fotocopia (compulsada) do certificado de minusvalía.

Nota.- Os solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias fanse e compúlsanse no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.

Poderase requirir polo concello a presentación dunha declaración xurada relativa a aqueles aspectos que se estime oportuno, para xustificar ingresos non declarables ou calquera outra circunstancia a ter en conta.

SÉTIMA: Revisión de solicitudes e subsanacións:

Rematado o prazo de solicitude, procederase á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación.

Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistida a solicitude, arquivándose previa resolución que deberá ser dictada nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

OITAVA: Valoración e resolución das solicitudes:

Logo da proposta da Concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, o Alcalde resolverá sobre o outorgamento das bolsas, segundo o baremo seguinte:

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, **25 puntos**.
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, **15 puntos**.
- c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, **10 puntos**.
- d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, **3 puntos**, por cada un deles.
- e) Por ter o título de familia numerosa, **2 puntos**.
- f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, **1 punto**.

NOVENA: Número de bolsas e contía económica:

Concederanse 78 bolsas de estudo de 100,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2º ciclo de educación infantil, e 30 bolsas de 140,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos. Outorgaranse aos beneficiarios que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á outra categoría automaticamente.

Se a cantidade xustificada mediante facturas é inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederáse e aboaráse polo importe xustificado. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudo, procederáse ao pagamento das mesmas en pago único.

DÉCIMA: Os beneficiarios estarán obrigados a:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- b) Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- c) Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.
- d) Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.

UNDÉCIMA: Previamente á concesión, comprobaráse de oficio que os membros da unidade familiar beneficiaria das axudas están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Para o non previsto nestas bases, aplicaránse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre do 2013, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Anexo I

SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2014/2015

SOLICITANTE (pai, nai, titor legal ou alumno/a maior de idade)

Nome e apelidos: _____, D.N.I.: _____,
Domicilio: _____ Municipio _____,
Provincia _____ Cód.Postal. _____ Teléf.: _____

Nome e apelidos: _____
(nai ou pai, segundo proceda, que non sexa o solicitante), D.N.I.: _____

Solicita a Bolsa de Estudo curso 2014/2015 do Concello de Cambre para o/os seu/seus fillo/s:

ALUMNO/A:

- 1) Nome e apelidos: _____ Curso: _____
- 2) Nome e apelidos: _____ Curso: _____
- 3) Nome e apelidos: _____ Curso: _____

N.º. C.C. (do solicitante): IBAN _____ / _____ / _____

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Impreso de Empadramento Colectivo
- Autorización de comprobación de datos tributarios e de cumprimento de obrigas tributarias
- Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social
- Declaración do solicitante de non percibir axuda algunha para a mesma finalidade

Fotocopia compulsada dos seguintes documentos :

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios
- Libro de familia ou certificado literal de nacemento de todos os membros da unidade familiar
- Facturas xustificativas dos gastos realizados
- Título de familia numerosa
- Sentencia de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez
- Certificado de minusvalía
- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2014-2015
- Outros.....

Cambre, ___ de _____ de 2014

Asinado: _____

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre (A Coruña)

Anexo II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) E AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso 2014/2015.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2013 e do cumprimento das súas obrigas tributarias

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos)

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, ____ de _____ de 2014

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Anexo III

DECLARACIÓN XURADA

Don/ dona _____, con DNI _____
_____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria
pública de Bolsas de Estudo curso 2014/2015 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, ____ de _____ de 2014.

Asdo.: _____

Esta declaración deberá asinarse por todos os membros da unidade familiar maiores de idade. Unha declaración por cada un dos membros cos seus datos persoais.

Anexo IV

DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona _____, con DNI _____
_____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso 2014/2015 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que por ningún dos membros da unidade familiar se percibiu axuda algunha para a mesma finalidade.

Cambre, ____ de _____ de 2014.

Asdo.: _____

Segundo: Aprobar un gasto de 12000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2014 323 481 "Bolsas de estudo" do actual orzamento municipal.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

2.3. Mocións urxentes en asuntos competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE na que se insta ao Goberno de España a estender o subsidio por desemprego ás persoas en situación de desemprego de longa duración que carezan de ingresos, así como a outros colectivos con específicas dificultades de inserción

Rexistrada de entrada ao núm. 0/7576 o día 20 de setembro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A longa duración da crise, xunto cun sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración, fai que a protección das persoas desempregadas e das súas familias se vaia esgotando día a día.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre de 2014, hai 5.616.011 persoas en situación de desemprego, das que só 1.773.573 perciben algún tipo de prestación.

O artigo 35.1 da Constitución Española consagra o dereito e a obriga de traballar ao establecer que “todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as das súas familias, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo”.

Para as persoas desempregadas que, malia súa vontade, vense impedidas de poder exercer o dereito constitucional ao traballo, o artigo 41 da Constitución dispón que “os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego”.

Segundo a referida Enquisa de Poboación Activa, hai 3.842.438 persoas desempregadas que carecen de todo tipo de protección. A estas persoas, ademais do dereito ao traballo, tamén se lles conculca o dereito á súa protección en caso de desemprego.

Esta situación supón unha grave inxustiza social, máis aínda cando sabemos que moitas delas son persoas desempregadas de longa duración, con responsabilidades familiares e sen ningún tipo de ingreso económico. Máis de 740.000 familias teñen a todos os seus membros en paro e carecen de calquera tipo de ingresos. Conculcar o dereito constitucional á protección por desemprego está a provocar ademais, que esta pobreza tan severa e sobrevida se cronifique, afectando de forma moi directa, a nenos

e nenas cos seus proxenitores en paro. Organismos internacionais como a UNICEF estiman en máis de 2.000.000 o número de nenos e nenas en situación de pobreza en España.

A situación de necesidade de todas estas familias está causada principalmente pola súa situación de desemprego. De aí que os poderes públicos, de acordo co inequívoco mandato da Constitución recollido no artigo 41, deban garantir a asistencia e prestacións sociais suficientes diante desta situación de desemprego.

Levamos máis de 6 anos de fonda crise, e segundo as previsións de diferentes organismos internacionais e do propio Goberno, nin tan sequera no 2017 se terá recuperado o volume de emprego existente en 2011 e coas políticas actuais, tardarase unha década en recuperar os niveis de emprego anteriores á crise.

No que vai de ano, o gasto en prestacións tense reducido en máis de 3.000 millóns de euros en relación co ano pasado. Xa son plenamente eficaces os graves recortes que o Goberno asestou á prestación por desemprego a través do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo e o Real decreto lei 23/2012 do 23 de agosto. A cobertura por desemprego apenas alcanza ao 58% das persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego. De continuar coa mesma dinámica, cando remate o ano, o gasto en protección por desemprego será 6.000 millóns menos que en 2013. Todo iso a pesares de que a cifra de persoas desempregadas de longa duración, e de familias con todos os seus membros en paro, alcanza niveis intolerables.

Agora ben, ademais destas persoas, tamén hai outros colectivos especialmente vulnerables que sofren desprotección e teñen serias dificultades para atopar emprego. Estámonos a referir ás mulleres vítimas de violencia, ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores de 45 anos que, unha vez esgotada a Renda Activa de Inserción, non teñen acceso a ningunha prestación.

Estas medidas debe adoptalas o Goberno de xeito inmediato e con carácter de urxencia, pois neste caso é indiscutible a situación de urxente necesidade que sofren as persoas desempregadas con responsabilidades familiares.

Agora que o Goberno anuncia un cambio na conxuntura económica non pode deixar desamparadas ás principais vítimas desta crise como si se tratara dunha xeración perdida, esquecida.

Resulta necesario dedicar unha atención especial a todas aquelas persoas que están a sufrir a traxedia do desemprego e desenvolver políticas activas de protección e empregabilidade.

O conxunto de medidas propostas beneficiarían a máis de 1.000.000 de persoas en paro, na súa meirande parte con responsabilidades familiares, que nestes intre non teñen ningún tipo de ingreso.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta para a súa votación en pleno as seguintes propostas de acordo:

Primeiro: Modificar, de forma inmediata e con carácter urgente, o Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, para ampliar a protección por desemprego no seu nivel asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos Servizos Públicos de Emprego máis dun ano, que non dispoñan de ingresos e teñan responsabilidades familiares. Este subsidio tamén se estenderá ás mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33% ou que teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral na porcentaxe anteriormente referida, e ás persoas paradas maiores de 45 anos que tiveran esgotado a Renda Activa de Inserción ou se encontraran dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude de dereito a ser admitido no dito programa.

Este subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de xeito sucesivo, entremetres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este programa de protección manteráse mentres a taxa de desemprego non baixe do 15%.

A contía deste subsidio será igual ao 80% do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) vixente en cada exercicio. Esta cantidade percibiráse na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratara dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Asemade, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 da LXSS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcancen a menores de idade, esta cantidade incrementarase en 100 € por menor.

A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente algunha prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

Segundo: Demandar do Goberno central que poña en marcha, de xeito inmediato, en colaboración coas comunidades autónomas e os interlocutores sociais, un Plan de Emprego específico para desempregados de longa duración. Este plan incluírá, en todo caso, o incremento na dotación dos Servizos Públicos de Emprego de novos técnicos de emprego para a atención individualizada das persoas desempregadas de longa duración que, como mínimo, debería alcanzar os 3.000 profesionais expertos en orientación e promoción de emprego.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, manifesta que eles evidentemente comparten a totalidade da moción, pero non porque a teña presentado agora o grupo socialista.

O grupo socialista coa presentación desta moción, tanto en todos os municipios como no Parlamento español, ten chegado tarde e sitúase á cola da proposta que no mes de xullo realiza o Goberno de España ante os principais sindicatos e patronal. Nesa proposta, nesa reunión, acórdase polo grupo de Goberno nacional outorgar unha axuda a todas as persoas cuxos fogares se atopen sen ningún tipo de ingresos.

Unha vez que se ten celebrado ese acordo, esa reunión, o Partido Socialista, concretamente o día 5 de agosto de 2014, presenta no Parlamento unha proposición non de lei na que propón outorgar unha axuda ás persoas desempregadas que non teñen ningunha prestación, nin ningún ingreso, unha axuda de 426 euros/mensuais, durante 6 meses, prorrogables por outros 6 meses, e a propia Marifé Rodríguez, que é a secretaria xeral de Emprego do Partido Socialista, recoñece que a proposta que eles fan ao Parlamento está na liña do acordo ao que chegara o Partido Popular con patronal e sindicatos un mes antes. O que propoñen é que esa proposta que eles fan se tome en conta na dita negociación, ao cal o Partido Popular non se opuxo, e hoxe a presentan aquí como moción.

Precisamente unha vez celebrada esa reunión, o día 29 de xullo e de que o Partido Socialista tiña proposto isto como proposición non de lei, hoxe mesmo, esta mesma tarde sae a noticia publicada no ABC de que o Goberno anuncia que os fogares sen ingresos recibirán unha paga, dende o mes de xaneiro, que oscilará entre os 400 e 450 euros, e que cubrirá a 750.000 fogares que non reciben ingresos, que son os colectivos susceptibles de beneficiarse desta medida. Comprométese a elaborar un mapa de prestacións para que non exista incompatibilidade con ningunha prestación nin municipal nin autonómica, e tense anunciado hoxe.

Máis ou menos vén na liña do que propón o Partido Socialista, polo tanto, non poden debater unha moción sobre unha proposta que agora mesmo xa se ten materializado e que nos vindeiros días será obxecto de debate. Así pois, vanse abster por ese motivo nesta moción.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que entenden, e pide que o corrixa se se equivoca, que subscriben totalmente a moción pero que non van votar a prol.

Di que a Sra. concelleira dá por feito un acordo que agora mesmo non é tal, porque saben que o Goberno segue negociando cos axentes sociais esta e outro tipo de coberturas, en calquera caso non hai tal acordo de hoxe. Se ela lles di que o Partido Socialista chega tarde, o Partido Socialista chega seis horas máis tarde que a folla parroquial do PP, que o ABC, pois si, di que lamentan chegar tarde porque esta mañá almorzaron cun suposto anuncio que aparece no ABC, pero que non di para nada que haxa un acordo pechado, nin moito menos.

Conclúe dicindo que el o que quere lembrar é, para que retumbe no subconsciente colectivo do Partido Popular, que en Cambre hai máis de 2.000 persoas en situación de desemprego, como lle lembraron hai un momento, e que máis de 700 familias non perciben ningún ingreso.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles están moi contentos de saber polo ABC que xa vai haber medidas outra vez, a partir de xaneiro. A partir de xaneiro van vivir todos mellor e van ter todos moito máis do que tiñan ata agora. Eles van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol desta moción, pero no ánimo que veu hoxe aquí de facer amigos, a verdade di que non se pode retrotraer de facer un comentario sobre a exposición de motivos.

Dende a óptica do BNG non deixa de ser curioso que a exposición de motivos fale dun sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración. Di que particularmente el cre que si, que este sistema tivo no seu día unha previsión para os ciclos de longa duración. Non se trata de tirarlle flores a ninguén, pero nos anos 80, por exemplo, gobernando o Partido Socialista, deuse en España unha situación moi peculiar, un pouco consecuencia da resaca da crise do petróleo, a incorporación ao Mercado Común Europeo e dos restos dun tecido industrial da ditadura total e absolutamente obsoleto, deuse a situación de que había milleiros, millóns de persoas, de cidadáns en todo o Estado español, que deixaron de ser, por así dicilo, útiles para o mercado laboral. E, ademais, de maneira indirecta dificultaban o acceso ao mesmo das xeracións máis novas, que accedían a el con dificultades e se achegaban perigosamente á marxinalidade.

Naquel momento o que fixo o Estado foi unha política, e el o di así, practicamente 30 anos despois e baixo o seu prisma, á altura das circunstancias, facilitando o acceso ás prestacións de xubilación daquelas persoas paradas de longa duración que tiñan un difícil acomodo no mercado laboral.

Di que tristemente, o Partido Socialista na súa última etapa de goberno, e xa non di agora o Partido Popular, abandonaron postulados de esquerdas, dificultaron o acceso ao sistema público de pensións dignas por parte da clase traballadora, e agora atópanse aprobando mocións nos concellos para intentar poñer parches nunha realidade que é real e efectivamente moi triste.

No Bloque pensan que se houbera un pouco de xenerosidade por parte do Estado, se o Estado fora realmente un Estado motor de cohesión e vertebrador social e defensor do Estado do benestar, non terían que estar aquí aprobando mocións como esta, porque esa xente que é como grupo humano, xeracional, os que máis anos cotizaron á Seguridade Social, os que lles pagaron a educación, a sanidade e o benestar aos máis novos, e os que pagaron tamén as pensións dos avós, dos máis vellos, non terían que estar a día de hoxe metidos en bretes como este, que se está falando aquí de axudas, de prestacións, de 450 euros para unha familia sen recursos. Iso é unha esmola, aquí e en calquera lugar do mundo desenvolvido e civilizado.

Conclúe dicindo que van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que tamén vai apoiar a moción.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que só lle gustaría facer unha puntualización ao Sr. Bao, que ela non dixo que o seu grupo subscribía a moción, senón que o seu grupo estaba de acordo coa moción, quen subscribe a

moción é o Partido Socialista, que subscribe exactamente o acordo que o Partido Popular tomou o 29 de xullo cos sindicatos e coa patronal.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas indica que non hai tal acordo, e diríxese ao Sr. alcalde para lembrarlle, porque vén a colación, que na cuestión de confianza á que se someteu recentemente, o grupo socialista tendeu a man para acadar un pacto polo emprego en Cambre e, de momento, seguen agardando que teña resposta ese xesto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o Sr. Bao tíralle un guante que non sabe se ten algo que ver con esta moción que presentan. El simplemente le a moción e está de acordo en que isto se presenta como moción, pero iso de que o grupo socialista de Cambre presenta para a súa aprobación en Pleno as seguintes propostas de acordo, como se eles puideran tomar un acordo, e modificar de forma inmediata e con carácter urxente a lei. Pregunta se el cre que o pleno de Cambre ten capacidade para modificar de forma inmediata e con carácter urxente o Texto refundido da lei. Se na moción dixeran que se solicitara do Goberno, el admitiríaa, estaría de acordo e subscribiría o pacto e o que queira, e pode estar totalmente de acordo coa moción, pero vanse abster por unha cuestión que é básica, porque isto xa está practicamente cos sindicatos e demais apalabrado.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de EU para adquirir un terreo destinado a infraestruturas de carácter recreativo na parroquia de Cela

Rexistrada de entrada ao núm. 0/7585 o día 20 de setembro de 2014, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Un elemental principio de equidade obriga ás administracións públicas a que equilibren minimamente as dotacións de infraestruturas dos seus distintos territorios, de tal xeito que se eviten discriminacións entre veciños residentes en distintas zonas.

Partindo de tal principio, cómpre recoñecer que a parroquia de Cela constitúe, na actualidade, unha das zonas máis desfavorecidas no reparto de infraestruturas públicas dentro do noso concello, o que nos obriga, como representantes veciñais, a levar a cabo unha política solidaria que permita o equilibrio territorial ao que antes aludíamos.

Esta carencia resulta especialmente grave tanto para mozos como adultos, que non teñen espazo para desenvolver actividades no seu ámbito de residencia que lles permita gozar dun lugar de actividades de carácter recreativo.

En repetidas ocasións e a iniciativa de EU, xa teñen xurdido nos debates plenarios a necesidade de dar resposta eficaz a este problema, alegando os responsables municipais como obstáculo, a carencia de terreos na zona para poder atender á cobertura desta necesidade.

Pois ben, dende EU defendemos a posta en valor e uso da parcela situada nas inmediacións da Igrexa (Cela), propiedade da Fundación Tenreiro que figura clasificada nas Normas subsidiarias de planeamento como SAU-BD1, que segundo informes técnicos existentes no concello, reúne as condicións para poder destinala a actividades de carácter recreativo.

Deste xeito, a xuízo do noso grupo municipal, a solución pasa por iniciar negociacións urxentes coa propiedade da parcela en cuestión, co fin de estudar fórmulas de posibles acordos; considerando dende o noso grupo que a postura do Goberno quedaría reforzada se as negociacións quedaran a cargo dunha comisión integrada por representantes de todos os grupos políticos.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que no ámbito da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo, integrada por representantes de todos os grupos políticos con representación na Corporación, se inicien os contactos coa Fundación Tenreiro, co obxectivo de iniciar conversas para a adquisición dos terreos, contemplados no apartado quinto da presente moción.

Segundo: Rematados os seus traballos, a Comisión elaborará e presentará un informe ao Pleno municipal, dando conta dos resultados e propoñendo as medidas axeitadas.

Terceiro: Dar traslado da presente moción á AA.VV. de Pravio-Cela.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o seu grupo vai votar a prol desta moción, aínda que en principio esta non é unha competencia de Pleno, porque a adquisición de terreos é unha competencia exclusivamente do alcalde, pero está de acordo que se queren forman unha Comisión Informativa en Obras, Servizos e Urbanismo, pero non para iniciar as conversas, senón para rematalas, porque el leva dous anos coa Fundación Tenreiro falando precisamente deses dous terreos que teñen en Cela.

Se o Sr. Taibo se informou, porque supón que cando o pon si o fixo, nas Normas subsidiarias de planeamento eles saben que esa é unha parcela, un terreo, rústico, e que non se pode facer nela ningunha edificación. Poderase facer algún tema de índole deportivo. A negociación coa Fundación Tenreiro, practicamente a expensas de limar o prezo deses terreos, está case pechada, pero el está de acordo en que se queren formar parte da comisión poden formalala, non hai ningún problema, di que acepta o reto. Non obstante, di que para facer unha edificación ou un centro social para os veciños de Cela, Cambre ten un terreo de 148 m² que xa é do Concello de Cambre, e que está precisamente cualificado para facer un edificio sociocultural.

Eles, por suposto, como rogo ou como moción van votala a prol, pero xa lle di que nese tema coa Fundación Tenreiro, que ademais ten aquí toda a documentación, están moi avanzadas todas as conversas, pero acepta que formen parte da comisión, eles dinlle quen son os representantes e falan co responsable da Fundación Tenreiro para levar a bo termo a compra desas parcelas se chegan a un acordo económico.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que como o Sr. alcalde comprenderá non é obxectivo, nin moito menos, de EU, sacarlle competencias ao alcalde de Cambre. Aquí fálase, e a moción o di moi claro, dunha comisión, e a comisión xa está especificada, din no ámbito da Comisión de Urbanismo, xa están as persoas designadas nesa comisión, non hai que designar a ninguén.

Por outra parte, o que se pretende é a adquisición duns terreos, aquí non se fala da construción, a construción virá a posteriori, cando os terreos estean cualificados para poder construír. Pero como punto de partida o primeiro que hai que facer, para facer unha infraestruturas, é ter os terreos, e iso é do que trata a moción.

Así mesmo, dá as grazas pola información ao Sr. alcalde, porque tampouco sabían que tiña avanzadas as negociacións coa Fundación Tenreiro e o que si lle poden dicir é que eles teñen un informe, imaxina que o Goberno tamén o terá, polo menos no concello debe estar, onde os terreos aos que aluden están cualificados e dan os metros suficientes como para facer as infraestruturas que demandan aquí, e que demandan os veciños de Cela. Ese foi o informe elaborado pola arquitecta municipal, do que eles teñen unha copia, e onde di que os terreos se poden adquirir porque están dotados e son suficientes metros para facer esa infraestruturas.

Antes falaba o Sr. alcalde dun terreo duns 148 metros, e a verdade é que neses metros el non sabe que tipo de infraestruturas se pode facer. Pódese facer un pequeno parque infantil, pero dende logo non son as infraestruturas que os veciños de Cela e eles pretenden.

Continúa dicindo que esta moción é neste caso reclamada moi fundamente polos veciños, a través de moitísimos anos e, a verdade, a súa obriga é seguir insistindo para que se consigan esas infraestruturas para os veciños de Cela. É máis, cre que o Sr. alcalde sabe perfectamente que xa hai un orzamento destinado á adquisición deses terreos. Non sabe se varía do que pide a Fundación Tenreiro, pero por iso se trata de que unha comisión municipal, porque cre que é o xeito de facelo, vaia falar con esa fundación, e agradece a disposición do Sr. alcalde de aceptar esta moción.

Conclúe dicindo que o que falta por dicir é cando pensa o Sr. alcalde convocalos para ir falar con esas persoas.

O Sr. alcalde contéstalle que non se preocupe, que en breves días os citará, probablemente o mes que vén. Pero o que el di é que EU fala de infraestruturas, e el está de acordo, é dicir, hai un tipo de infraestruturas como ao mellor equipamentos deportivos ou o que sexa que se poden facer nesas parcelas, agora ben, se teñen que referirse a un centro social, aí nese terreo non hai posibilidade de facelo. Pódese facer o centro social na outra parcela que teñen de 148 metros, que para un centro social 148 metros pode ser suficiente, depende de como se faga o centro social, e xa está precisamente cualificada para un centro sociocultural.

Conclúe dicindo que o recolle e xa di que van votar a prol da moción, porque levan traballando máis de dous anos coa Fundación Tenreiro. Eles queren que o Concello de Cambre adquira esas parcelas, e están dispostos a facelo, pero non tampouco a calquera prezo. Pero ben, el citaralos para a comisión e terán unha reunión cos representantes da Fundación Tenreiro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que nada máis que unha pequena puntualización, estase referindo ao informe asinado pola que foi arquitecta municipal do concello, onde di que as parcelas en cuestión ás que se referiron antes, entende que esas parcelas son as que teñen as mellores condicións para poder destinalas a zonas de lecer axardinada e actividades de carácter recreativo, e emite o informe respecto da creación dese tipo de servizos.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo ven totalmente de dereito e necesario apoiar a moción. Xa no programa electoral consideraban totalmente inasumible que unha parroquia de Cambre, neste caso Cela, non contase cun só metro de equipamento municipal, nin para os nenos, nin para os maiores da parroquia.

Parécelles totalmente axeitada a situación da dita parcela, pola proximidade que ten ao centro neuráxico da propia parroquia. O que si, vagamente agora, polo que o Sr. alcalde indica, o mércores 10 de setembro, a eles, igual que ao resto dos veciños de Cambre se imaxina, sorprendeulles a noticia de que o tema do Plan xeral estaba tan avanzado que está, segundo poñía textualmente a prensa, en proceso de encadernación para pasarllo ao resto dos grupos municipais, e que visitarían parroquia por parroquia para explicalo. Entón, entenden que ao que se poidan dedicar eses futuros terreos, se chega a bo porto a compra á Fundación, terá que definirse no Plan xeral, tamén, e poderá definirse o uso. Non ten por que ser soamente dedicado a parque infantil ou xogos, igual pode dar cabida á construción alí dun edificio ou dun equipamento para centro sociocultural.

De todas maneiras, o que si aproveita tamén para preguntar é se esa encadernación do Plan xeral, dese informe, está lonxe de que se lles pase aos grupos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que non están no capítulo de preguntas, e como hai un grupo que ten esa mesma pregunta, cre que se contesta a isto sería pola súa parte saltar a ese grupo que ten a pregunta feita para o pleno desta noite.

Don José Manuel Lemos Seoane pide perdón e di que, entón, retira a pregunta. Descoñecía iso.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que dende o seu grupo van votar a prol. É de xustiza o que reivindica nesta moción EU, que non é a primeira vez, nin a segunda, nin a terceira que o trae aos plenos municipais.

De todas formas, unha puntualización pequena tamén respecto do Plan xeral, isto cunha boa xestión urbanística, tendo un Plan xeral, sairía gratis aos veciños e veciñas de Cambre. Di que este é un dos problemas que teñen por non ter un Plan xeral aprobado.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, felicita aos compañeiros de EU. Eles están total e absolutamente a prol desta moción, e recoñecen publicamente o traballo desenvolvido e a idoneidade da idea, porque consideran que ademais retrata moi ben unha das eivas que ten este concello, é dicir, nos últimos trinta e pico anos de democracia, concellos limítrofes de diverso signo político, o caso de Culleredo, ou Oleiros, ou Sada incluso, todos conseguiron ter, na práctica totalidade das súas parroquias, porque el estivo facendo un percorrido máis ou menos así de memoria por elas, ter unhas instalacións públicas, uns centros sociais, chámese como queira, nas súas parroquias. E realmente é practicamente de delito que Cambre non consiga tecer ese mapa que ademais achega, a administración ao cidadán, no sentido de que é investimento público, redonda na calidade de vida da xente e dalgunha maneira fornece a vida nas parroquias.

Iso non é dende logo achacable a este equipo de goberno, que leva unicamente tres anos ou tres anos e pouco no consistorio, pero en certa maneira si que o é, e díllelo dende a cordialidade, que lles informen. É dicir, se por exemplo eles efectivamente están negociando e levan máis de dous anos facéndoo coa Fundación Tenreiro, o lóxico é que se os grupos da oposición veñen aquí doce veces ao ano aos plenos, doce veces ao ano a unha comisión de Servizos e Urbanismo, pois se lles informe minimamente de como avanza esas xestións, ou iso, ou terán que ler todos o ABC.

Di o Sr. alcalde que están moi preto, que só falta o prezo, pois o prezo non é unha cuestión menor nunha negociación deste tipo. En tal caso, el xa lles di, en certa maneira tamén por descoñecemento del, el descoñecía a existencia desa parcela que o Sr. alcalde mencionou de 148 m², e xa lle di, se na medida do posible na vindeira comisión, no próximo pleno, cando el considere, lles pode informar máis en detalle de cal é a situación desa parcela, el agradeceríallo.

Conclúe reiterando os seus parabéns a EU e o seu voto favorable, como non podía ser doutra maneira.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el tamén vai apoiar a moción que presenta EU.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que nada máis que unha pequena aclaración, porque antes falaron de que no orzamento hai unha partida destinada para este fin, pero iso non quere dicir que a adquisición desa parcela sexa precisamente cunha compra, porque tamén se fala na moción de negociar, e pódese negociar de moitas maneiras. Pódese negociar un convenio urbanístico, porque esa fundación ten moitos terreos aí, entón, cando falan de negociar é por algo. Non falan de comprar e investir directamente un diñeiro determinado, falan de negociar. E ao mellor, efectivamente, como dicía o compañeiro Óscar, pódelle saír gratuíta ao concello e aos veciños de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el, como aclaración, quere dicirlle que despois de dous anos intentando negociar iso, para que lle saíra gratis aos veciños de Cambre, iso non é posible. A Fundación Tenreiro neste momento ten necesidade de vender a parcela, non hai posibilidade de negociación noutro sentido máis que chegar a un acordo económico, un acordo económico que tampouco é tan alto, pero a propia fundación neste momento ten necesidade de vender, non de facer convenios urbanísticos.

Di que por iso se demorou tanto tempo, por iso leva dende principios do ano 2012 negociando coa Fundación, simplemente como aclaración.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Solicitude de comparecencia da concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE

Rexistrada de entrada ao núm. 0/7435 o día 17 de setembro de 2014. Consta do seguinte teor literal.

“Nos últimos días moitos veciños de Cambre veñen recibindo notificacións da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia na que se lles comunica a fixación de novos valores catastrais sobre os seus bens inmobiliarios (pisos, vivendas, terreos, etc.).

Os novos valores, en moitos casos, duplican ou, incluso, triplican os valores vixentes ata o momento. Tendo en conta que estas novas valoracións van ser a base sobre a que se vai calcular a cota a abonar polo Imposto de Bens Inmóveis nos próximos anos, preocupa a este Grupo o prexuízo que vai causar a moitas economías familiares. Para tal fin, e para aclarar as actuacións levadas a cabo polo Goberno local, e moi en concreto por esa Concellería neste proceso, fórmulanse as seguintes preguntas.

1. Cal foi a fórmula empregada para dar inicio ao procedemento de revisión dos valores catastrais en Cambre?: solicitude do Goberno municipal, actuación de oficio polo Catastro, convenio entre ambas administracións.
2. Se a iniciativa fora de oficio polo Catastro, cando e por que conduto tivo coñecemento o Goberno municipal do comezo do procedemento?
3. Por que non se comunicou ao resto de grupos políticos municipais a intención de poñer en marcha un novo proceso de revisión de valores catastrais?
4. Cal foi a postura do Goberno municipal diante do Catastro ante a intención de facer unha nova valoración xeral dos valores catastrais? Púxose en coñecemento do Catastro a opinión do Goberno local? De que xeito?
5. Cando se deu traslado do borrador da ponencia de valores ao Concello de Cambre?
6. Quen informou dende o concello a ponencia de valores?
7. Cal foi o contido literal do informe emitido dende o concello sobre a ponencia de valores?
8. En caso de desconformidade co texto da ponencia de valores, e una vez firme, por que non se recorreu esta?
9. Cal é a opinión do Goberno local sobre o resultado do proceso de revisión de valores catastrais? Considera axustado ao momento económico actual de crise que sofre o noso concello levar a cabo unha revisión de valores catastrais como a que se ten feito?
10. Que medidas ten pensado levar a cabo o Goberno local para paliar os prexuízos que sufrirán os veciños coas novas valoracións catastrais?"

De acordo co establecido no artigo 126.3 do Regulamento orgánico municipal, o Sr. alcalde somete a votación a comparecencia solicitada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a solicitude de comparecencia da concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, vai dando lectura a cada unha das preguntas presentadas, que son contestadas por dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, tal e como se transcribe a continuación:

1. Cal foi a fórmula empregada para dar inicio ao procedemento de revisión dos valores catastrais en Cambre?: solicitude do Goberno municipal, actuación de oficio polo Catastro, convenio entre ambas administracións.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que realmente ningunha das tres. Eles, a través dun escrito que entra no concello en novembro do 2011 teñen un ofrecemento por parte da Deputación da Coruña para financiar as revisións catastrais. É por ese motivo que o concello se pon en contacto coa Xerencia Rexional do Catastro para que en colaboración con ese proxecto provincial se poidan levar a cabo os traballos de revisión catastral.

2. Se a iniciativa fora de oficio polo Catastro, cando e por que conduto tivo coñecemento o Goberno municipal do comezo do procedemento?

Don Augusto Rey Moreno sinala que está contestada, porque foi por iniciativa do concello. Tralo contacto coa Deputación, foi quen se puxo en contacto, á súa vez, coa Xerencia do Catastro.

3. Por que non se comunicou ao resto de grupos políticos municipais a intención de poñer en marcha un novo proceso de revisión de valores catastrais?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que este proceso comezou no 2011, foi un proceso longo, acabou agora coa ponencia de valores. Entenderon que isto tiña un eminente carácter técnico, a ponencia de valores, e había un propósito firme do equipo de goberno para levala a cabo, entón non contemplaron a necesidade de comunicarllelo.

4. Cal foi a postura do Goberno municipal diante do Catastro ante a intención de facer unha nova valoración xeral dos valores catastrais? Púxose en coñecemento do Catastro a opinión do Goberno local? De que xeito?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que a postura do Goberno foi de total colaboración, por entender a necesidade que tiña este concello dunha revisión catastral ao ter transcorrido 16 anos dende a última revisión, e ao ter detectado que moitos veciños estaban sendo prexudicados coa valoración actual, ao valorar as súas parcelas, situadas en zonas urbanizables, como solos urbanos, cando coa aplicación da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural se equiparan a solos rústicos.

A opinión do Goberno púxose en coñecemento do Catastro a través do informe que se emite á delimitación do solo de natureza urbana.

5. Cando se deu traslado do borrador da ponencia de valores ao Concello de Cambre?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que o 27 de maio do 2014.

6. Quen informou dende o concello a ponencia de valores?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que o arquitecto municipal coa súa conformidade.

7. Cal foi o contido literal do informe emitido dende o concello sobre a ponencia de valores?

Don Augusto Rey Moreno aclara que piden a lectura porque o 8 de setembro solicitaron se lles dera traslado de toda a documentación que se tiña xerado como consecuencia deste proceso de revisión catastral entre o concello e a Xerencia do Catastro, e non se lles deu traslado de ningún documento. Polo tanto, teñen que acudir á vía da comparecencia para que se lles aclare todo isto.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que estes días a verdade é que en Urbanismo houbo bastante xente, imaxina que se terá traspapelado o escrito, pero ela le literalmente o informe.

Primeiro vai ler o informe que fai o arquitecto municipal, onde se di que unha vez analizada a ponencia de valores deste municipio, elaborada pola Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, A Coruña, tense comprobado a súa adecuación ás Normas subsidiarias de planeamento municipal, normativa urbanística vixente a día de hoxe neste concello, o que se informa para os efectos oportunos.

Continúa dicindo que pola súa parte emítese un informe favorable á ponencia de valores, onde di que vista a ponencia de valores total deste municipio, elaborada pola Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, A Coruña, e presentada neste concello o día 27, conforme co disposto no artigo 27.2 do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, emite informe favorable á ponencia de valores e á delimitación de solo que contén, na que se ten tomado en consideración a normativa urbanística vixente, e á vista dos resultados da valoración provisional, o concello manifesta a súa conformidade coa citada ponencia de valores.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que, entón, parece que o informe do arquitecto municipal se refire soamente ao tema urbanístico, que había unha adecuación da ponencia de valores ás Normas subsidiarias. Pregunta se houbo algún informe da repercusión económica que a nova ponencia de valores ía representar en canto ao incremento, como se ten producido, nos valores catastrais.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que non, que non houbo ningunha, porque se falou con Intervención e entenden que ata que esta nova ponencia non teña lugar, e non se cobre no ano 2015, non van ter realmente un coñecemento exacto do que vai supoñer.

Don Augusto Rey Moreno sinala que, evidentemente, a ponencia de valores establecía xa uns criterios económicos que terían que terse informado para ver a transcendencia que ía ter iso. Pero polo que ve ese informe non se realizou.

8. En caso de desconformidade co texto da ponencia de valores, e una vez firme, por que non se recorreu esta?

Don Augusto Rey Moreno expón que, evidentemente, como a concelleira lles ten comentado, o informe ten sido favorable, co cal non hai nada que engadir nisto.

9. Cal é a opinión do Goberno local sobre o resultado do proceso de revisión de valores catastrais? Considera axustado ao momento económico actual de crise que sofre o noso concello levar a cabo unha revisión de valores catastrais como a que se ten feito?

Dona Rocío Vila Díaz di que lle contesta un pouco co que lle ten contestado antes. Estes datos non se van poder valorar e estudar ata o 2015, porque é nese ano cando se aplicará a nova ponencia, co cal non poden aventurarse a facer unha valoración.

En canto se cren que é un bo momento, dille que si, e o cren por dous motivos. En primeiro lugar porque tal e como recolle o Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, no seu artigo 28.3 a), indica que o procedemento de valoración colectiva se realizará, en todo caso, a partir dos 10 anos dende a aprobación da valoración anterior, prazo que, neste momento, xa teñen sobrepasado en 6 anos.

En segundo lugar, para solucionar os prexuízos que sofren os veciños cuxos terreos cualificados como solo urbanizable estaba sendo considerado como solo urbano, cando para os efectos da LOUGA se equiparan a solo rústico. Así mesmo, para regularizar as situacións de todas aquelas construcións existentes que non estaban contribuíndo por non estar catastradas.

10. Que medidas ten pensado levar a cabo o Goberno local para paliar os prexuízos que sufrirán os veciños coas novas valoracións catastrais?

Don Augusto Rey Moreno manifesta que, evidentemente, como á Sra. concelleira xa lle constará, en moitos casos os valores catastrais téñense publicado, co cal vai haber un prexuízo certo no que é na aplicación da base liquidable do imposto do IBI, que é esa nova valoración catastral co mantemento dos tipos do IBI na ordenanza municipal. Pregunta como vai paliar ese prexuízo.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que unha vez que o ano que vén teñan coñecemento do que repercute, vaixe levar a cabo a partir do 2015 unha baixada do tipo impositivo do IBI, de maneira progresiva, para compensar esa subida do valor catastral, para intentar chegar a un equilibrio.

Di que, ao mesmo tempo, están estudando a aplicación de bonificacións sociais destinadas aos colectivos máis vulnerables, que serán de aplicación este ano.

A continuación, unha vez finalizadas as preguntas, concédese a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, quen manifesta que vai dirixirse ao Sr. alcalde, porque cre que en última instancia, e sobre todo despois da rolda de prensa que fixo hai un par de días, na que se puxo ao fronte deste proceso, é a quen se ten que dirixir.

Como dicía, nos últimos días de agosto e primeiros de setembro, gran parte dos veciños de Cambre, propietarios de vivendas, casas ou terreos, reciben unha notificación da Xerencia Rexional do Catastro, isto é a efectos introdutorios e que os veciños que lles acompañan hoxe teñan coñecemento de como se produciu este proceso de revisión catastral. Dicía que reciben unha notificación da Xerencia Rexional do Catastro na que se lles invita a descargar de internet o documento das novas valoracións catastrais aos seus bens inmobles. Os que iso fan atópanse que os novos valores duplican, ou incluso triplican os antigos.

Ante esa situación di que o Sr. alcalde, sendo perfectamente coñecedor do que ocorre, mantén silencio como se a cousa non fora co seu Goberno. Pensa que iso é unha cousa do Ministerio de Facenda e que hai que ser disciplinado con Montoro, non vaia ser que os tache ou lles poña unha marca.

Coa súa actitude dá unha mostra máis, e xa teñen denunciado este comportamento noutras ocasións, de que el non está para defender os intereses dos seus veciños, veciños que como ten manifestado vanse ver seriamente prexudicados por esa revisión de valores catastrais. Previamente, teñen o informe favorable a unha ponencia de valores absolutamente desatinada, e por iso, di que o Sr. alcalde non está para defender os intereses dos veciños, senón para cumprir as ordes que lle marcan os seus xefes dende o Partido Popular.

Continúa dicindo que os socialistas de Cambre, sendo coñecedores desta grave situación que afecta aos veciños, por escrito presentado o 8 de setembro, como dixo antes, solicítanlle que lles dea traslado de todos os documentos intercambiados entre a Xerencia de Catastro e o Goberno Local sobre o proceso de revisión de valores catastrais. Como única contestación, o silencio, de tal forma que se viron obrigados a solicitar esta comparecencia, agradecéndolle á concelleira de Urbanismo as súas contestacións ás súas preguntas.

Quere manifestar que esta revisión catastral levouse a cabo co pleno coñecemento do alcalde, como se dixo, e do seu Goberno, dunha forma clandestina e sen coñecemento dos veciños e dos grupos da Corporación que non forman parte do Goberno.

Di que aquí se fixeron unhas afirmacións que lle gustaría desmentir. Falouse por parte da concelleira de Urbanismo de que hai unha obrigaón legal de facer a revisión catastral cada 10 anos. Aínda que a Lei de catastro inmobiliario si recolle esa manifestación, vaille dicir que na comarca da Coruña a última revisión catastral en Cambre foi no ano 1999, como todos saben, a de Carral no ano 1996, a da Coruña en 1997, a de Culleredo en 1994, a de Oleiros en 1998, e a de Sada en 1994. En todas elas a revisión catastral realizouse con anterioridade á de Cambre, que tivo a súa última revisión catastral en 1999. Por iso, dille que non entenden que fora urxente esta revisión catastral nos termos que se teñen exposto.

Entenden que esta revisión non busca resolver nada, senón que dá problemas e ten un efecto tremendamente recadatorio. Pero dicirlle tamén que este proceso de revisión de valores se tivera habido vontade por parte do Concello de Cambre de que non se levara a cabo, non se tería levado a cabo. De feito, non marca o Catastro nin a lexislación catastral inmobiliaria unha obrigaón de realizar estas revisións de valores catastrais. En concreto, e para non falar de memoria, na páxina web do Catastro, entre as preguntas frecuentes, está a pregunta de que é un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, como o que se ten levado a cabo en Cambre, e contéstase que é o procedemento administrativo mediante o que se actualizan simultaneamente os valores catastrais de todos os bens inmobles urbanos e dos bens inmobles rústicos. E engade, este procedemento na actualidade se desenvolve logo da manifestación do interese na súa realización por parte do concello correspondente.

Quere dicir isto que non había obrigaón, e como ben manifestaron sinceramente, é unha revisión que se fai a instancia do concello e, polo que el está vendo e o que todos están observando, sen ter en conta as consecuencias que esa revisión vai traer aos veciños.

Pero é máis, aínda que esa revisión catastral, o órgano responsable da revisión, isto é a Xerencia do Catastro en Galicia, a tivera querido levar a trámite, unha vez realizada a ponencia de valores o artigo 27.2 da Lei do catastro inmobiliario obriga a que o concello informe favorablemente a proposta. Nese sentido, ante a falta de información que sufriron para poder preparar adecuadamente este tema tan controvertido e tan grave, tiveron que recorrer a un concello que si se lle efectuou a revisión catastral, que ante a presentación dunha ponencia de valores na que a transcendencia económica das novas revisións catastrais baseadas nesa ponencia de valores, emitiu un informe desfavorable.

Pero é máis, na resolución na que se lle comunicaba e daba traslado a ese concello da ponencia de valores, dicíase que de non emitirse informe favorable nos termos indicados e dentro do prazo establecido, procederíase de oficio ao arquivo do expediente.

Di que estaba nas mans do Concello de Cambre paralizar a revisión de valores catastrais, unha vez examinada a transcendencia económica para as familias das revisións catastrais que se fan levar a cabo con cargo a esta ponencia de valores, cousa que non se fixo.

Ante ese silencio, a primeira información que teñen das actuacións municipais do Goberno municipal nesa revisión de valores catastrais, é unha rolda de prensa que o Sr. alcalde realiza hai un par días. Nese sentido saca de variña máxica e di que os veciños non pagarán máis do IBI durante o presente mandato e durante o seguinte. Á parte de mago o Sr. alcalde é pitoniso, pois aventura o que ocorrerá no futuro, e para iso anuncia unha rebaixa do tipo impositivo do IBI a partir do 2015. Evidentemente ao mellor nesa época xa non é alcalde. E así xa está todo arranxado.

Pregunta como cualificar estas declaracións do Sr. alcalde, como mínimo de frívolas e irresponsables. Dille que é como o pirómano que queima o monte e despois aparece o primeiro coa manguera para apagar o fogo, para ser obxecto, obxectivo mellor dito, das cámaras de televisión e dos repoteiros gráficos.

O Sr. alcalde non ten a solución, ou mellor dito, si ten a solución pero non quixo buscala e poñela a disposición dos seus veciños. O mal está feito e está causando e ten causado un prexuízo aos veciños que o Sr. alcalde parece que non alcanza a entender. O certo é que como única solución, dille que unha solución que vai máis aló das súas competencias e da súa lexitimación neste momento para propoñer unha solución como a que propón, o Sr. alcalde, e ademais dirixíndose directamente ao grupo municipal do Partido Socialista en Cambre, dilles que quere que o PSOE, que está moi preocupado por esta cuestión, evidentemente cre que todos están preocupados por esta cuestión, faga o mesmo que el e se comprometa a adoptar as mesmas medidas para que o recibo non lle suba tampouco aos seus veciños.

Evidentemente o recibo sube aos veciños porque o Sr. alcalde admitiu unha revisión de valores catastrais sobre uns extremos e unhas porcentaxes que levaron a que eses valores catastrais, por exemplo nunha vivenda do Graxal, se dupliquen, ou que nun terreo sen posibilidades edificatorias, se triplique.

Di que el o único ao que invita ao Sr. alcalde ante esta desfeita, é a pedir perdón aos veciños polos prexuízos que lles está causando e que lles vai causar, e que asuma responsabilidades. Pero non unha solución sen máis de responsabilidades, aquí hai que buscar unha solución ao problema xerado, e a solución nun primeiro momento non pasa pola revisión dos tipos do gravame na ordenanza municipal do imposto sobre bens inmobles. Aquí hai algo que causou o prexuízo nun primeiro momento, que é unha ponencia de valores, que eles non teñen revisado, que non son conscientes da transcendencia que levou e que ten dado lugar a uns valores catastrais absolutamente desfasados, desproporcionados e inxustos.

El cre que foron frívolos á hora de non revisar a transcendencia económica para as familias desa ponencia de valores. Os valores catastrais fixados son unha carga para os propietarios e tamén para as propiedades, aínda que non se teña en conta. Vaillle poñer dous exemplos. No caso hipotético e real tamén, de que un veciño de Cambre queira vender un terreo da súa propiedade e o posible comprador teña dúas ofertas, unha en Oleiros, un terreo que lle interesa en iguais condicións, a un prezo similar que o de Cambre, e tendo en conta que os valores catastrais son moi diferentes, por exemplo en Oleiros sería duns 50.000 euros, por poñer unha cantidade, e en Cambre aproximadamente duns 85.000, pregúntalle ao Sr. alcalde el que oferta cre que collería o eventual comprador dese terreo. Como di, o valor catastral queda fixo á propiedade, e resulta inamovible ata que se produza unha nova revisión dos valores catastrais.

Pero é máis, pídelle que se imaxine que dentro duns anos aparece por aquí un alcalde iluminado, cunha maioría absoluta que lle permite tomar decisións sen contar coa opinión do resto de grupos e dos veciños, e dálle por subir o tipo do gravame do IBI, do 0,65 ao 0,85. Nada se pode facer xa, o valor catastral está fixado e contra iso non hai volta atrás, co cal, non é iso de que o valor catastral non importe, importa e moito, e iso é o que eles non tiveron en conta. De aí o prexuízo que se vai causar aos veciños.

Dende logo dicía que hai que asumir responsabilidades. Este problema hai que resolvelo, pero hai que resolvelo tomando medidas contra a ponencia de valores que votaron favorablemente, e contra as revisións catastrais que tiveron lugar como consecuencia desa ponencia de valores. Nese sentido invita ao Sr. alcalde, solicítalle, demándalle, que tome as medidas para que faga uso das súas atribucións e do seu carácter e autoridade como alcalde de Cambre e deputado provincial, que demande da Xerencia Rexional do Catastro unha nova revisión dos valores catastrais, logo da revisión de valores que hoxe están padecendo os veciños de Cambre.

Entenden que esa é a mellor forma para evitar o prexuízo que se vai causar nos vindeiros anos aos veciños, queiran ou non, aínda que ese incremento, sen explicar moi claramente, se vaia a dividir en nove anualidades para que sexa progresivo. Evidentemente, xa soamente polo incremento dos valores catastrais, o importe do imposto municipal de bens inmobles a abonar anualmente vai subir un 10%, unha cantidade absolutamente elevada para os tempos que corren, tempos de crise.

Dille que mire se a situación é grave que o outro día se atopou cunha señora viúva que coñece do Graxal, que ten un piso, e que lle manifestou que tendo en conta estes

valores catastrais, dentro de 10 anos terá que dedicar a súa pensión mensual de viuvez a pagar o imposto de bens inmobles que se lle vai pasar ao cobro dende o concello.

Por último, tamén outra medida que lle propón que poña en marcha. Hai que estudar as posibilidades de anular a ponencia de valores, de anular as revisións catastrais, e para iso invítalo a que por medio de técnicos municipais, ou de técnicos xuristas no nivel que entenda oportuno, se faga un informe, para ver se é susceptible de modificarse tanto a ponencia de valores como a revisión dos valores catastrais.

O seu grupo entende que máis aló de alarmismos, que non é a súa forma de entender un problema, o que hai que buscar son solucións. Está nas mans do Sr. alcalde buscar esas solucións e nese sentido vai contar co seu apoio, se entende, como eles entenden, que o que hai que actuar é sobre a ponencia de valores desmedida, desproporcionada e inxusta e sobre as revisións de valores catastrais a que deu lugar. Se poden modificar iso, será un tema que absolutamente agradecerán os veciños e, dende logo, serán eles os primeiros en recoñecelo. Nese sentido vai contar co seu apoio.

Conclúe dicindo que o Sr. alcalde non está lexitimado para facer a revisión como lles esixe do IBI, é o pleno municipal o que está lexitimado para iso, e no pleno municipal o PP é minoría na actualidade. Por iso xa lle di, pídelle que propoña solucións aos problemas dos veciños nese sentido, solucións que afecten a esas revisións desproporcionais dos valores catastrais. Nese sentido, como dixó, se esas medidas se teñen en conta, vai contar co seu apoio.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que a verdade é que foi ampla a súa disertación, pero a situación que teñen non está provocada por este Goberno. Este Goberno está aquí para cumprir a lei, e a lei di que cada 10 anos hai que facer unha revisión catastral, iso é o que di a lei, por iso o Catastro os avisou, a través da Deputación, para dálles un toque.

Van 16 anos nos que os veciños de Cambre non melloraron os seus valores catastrais. Pregunta que foi o que fixo este concello para seguir recadando o mesmo, aumentar o tipo. É dicir, os titulares de prensa doutro día dicían que o Concello de Cambre tiña o IBI máis caro ou a contribución máis cara de toda a área metropolitana. Di que claro, que non hai máis que ver os índices, Arteixo 0,40, Cambre 0,65.

Pregunta canto vale un piso en Arteixo, que valor catastral ten. Un piso de 80 m² no Temple 37.000, en Arteixo 72.000, e pagan o mesmo de IBI, de contribución, exactamente o mesmo. E a Oleiros pásalle o mesmo. En canto ao exemplo que o Sr. Rey puxo, perdoe que llo diga, está moi ben, a compra dun ben. Di que se eles non actualizan o ben e mañá venden ese piso de 37.000 euros que teñen no Temple ou no centro de Cambre, e o venden en 100.000 euros, Facenda, polo incremento patrimonial mételles unha labazada que vale máis que o IBI de 10 anos. Dille que si, que o incremento patrimonial é a diferenza entre o que vale o piso e o que o vendedor lle cobra polo piso, a menos que o fagan en B, está claro. Están falando da plusvalía.

Mentres que se van actualizando os valores paulatinamente, o que hai que facer é como fan noutros concellos, baixar o tipo, traer a ordenanza fiscal e de 0,65 baixala a 0,40 como o teñen os demais, co cal, ningún dos veciños de Cambre vai pagar máis. E aquí hai concelleiros que teñen pisos en Cambre e viron a ponencia de valores, e van pagar menos polos seus pisos, porque xa a descargaron. Hai xente que non a descargou, e eles, tan pronto como saíu o da ponencia de valores, abriron unha oficina do Catastro para atender a toda esa xente e analizar as súas reclamacións. Esa é a realidade.

Continúa dicindo que o voceiro socialista citaba aquí un concello, non dixo o seu nome, di que lle gustaría coñecelo, porque ao mellor resulta que ese concello está en Málaga. A verdade é que cando el sae en prensa, e a oposición llo critica, faino porque antes ten analizado esa ponencia de valores, e el asegúralle que a pesar de que os veciños están revalorizando as súas propiedades, algúns deles que estaban pagando por urbano, agora van pagar por rústico, que é como está cualificada a Lei do solo, e van pagar moito menos, iso si, se baixan o tipo, e non como fixo o Partido Socialista que gobernou en Cambre durante 30 anos e o único que fixo foi ir incrementando o tipo, por iso agora o titular do xornal é “Cambre ten a contribución máis cara da área metropolitana”. Mentres todos os concellos están sobre 0,4 e o 0,45, Cambre ten o 0,65. Conclúe dicindo que esa é a realidade e non hai outra.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que se o equipo de goberno entendía que había un exceso de valoración en canto aos solos urbanizables, pregunta por que non se fixo unha revisión parcial en canto a eses solos. Aquí parece que intentaron matar moscas a canonazos. Aquí fíxose unha revisión xeral, e haberá xente que saia beneficiada e xente que non. El só lle di unha cousa, o incremento medio dos valores catastrais desta revisión en Cambre foi do 91%.

No ano 2011, cando foi o tema do “catastrazo” en Madrid, que tamén se montou unha moi boa, porque non é Cambre o primeiro en montar unha como esta, o incremento medio dos valores catastrais era do 74%. Dende logo, teñen batido o récord en España.

Di que o escrito que lles leu, que o Goberno o recibiu tamén, porque é un escrito formulario, esa resolución na que dan traslado da ponencia de valores, é dun concello galego, é máis, é dun concello da provincia da Coruña.

Despois fala o Sr. alcalde de que hai unha obrigaón de facer esa revisión cada 10 anos. Cando falaban dos concellos da comarca díxolle que por exemplo a da Coruña é de 1997, pregunta se o Sr. Negreira está incumprindo a lei. En Carral é do ano 1996, pregunta por que non se fai a revisión catastral, ou en Sada que é de 1994. Pregunta que pasa, se é que incumpren a lei.

Di que o Catastro sabe que a última palabra na revisión dos valores a teñen os concellos, e por iso, os concellos poden informar favorablemente ou dicirlle a Catastro que non lle toquen os valores catastrais. E iso o Goberno de Cambre non o fixo, é máis, como teñen recoñecido fixeron unha revisión de valores catastrais que na súa opinión se lles ten escapado das mans. Porque se eles lle din que as revisións que se

fixeron son as que buscaban, dende logo, entón xa apaga e ímonos. Parécelle absolutamente abusivo.

Por último, falaba o Sr. alcalde dos novos valores catastrais á hora de aplicar o incremento por unha posible venda, pero iso é a excepción, porque tampouco o mercado inmobiliario ten tanto movemento nos últimos anos, agás para operacións de compra por parte de fondos voires e demais. O que é certo é que iso é unha minoría de casos, e o que é máis certo é que eses novos valores catastrais o que van afectar é ao IBI, e como lle dixo antes, o Sr. alcalde non está lexitimado para dicir que van baixar o IBI, o tipo do IBI, por unha razón, porque a maioría do pleno é quen ten a palabra, e el non ten maioría no pleno, e fala de rebaixar o tipo do IBI sen falar previamente cos grupos.

Ten na súa man a posibilidade de pedir a revisión de oficio da ponencia de valores e das valoracións catastrais que se teñan efectuado e di que non. El rógalle que retome ese tema, porque aí é onde está a solución ao problema.

Un tema como este non se pode facer en letra gorda. E porque saian beneficiados uns señores que teñan un hiperpago nese solo urbanizable no IBI, non se vai prexudicar ao resto da xente con economías como as que están padecendo nestes tempos. Por iso lle pide que teña en conta a súa proposta. Cre que é acertada e que se o Sr. alcalde a pensa un pouco, non se van causar os prexuízos que se están causando.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntarlle ao Sr. Rey que lle trata de dicir, que se estando en minoría trae a este pleno, que é plenipotenciario, a rebaixa do tipo para que non sexa o máis alto de toda a área metropolitana, que o puxeron os socialistas por certo, vaille dicir que non. Pois se lle di que non, quen estará amolando aos veciños será o Sr. Rey, non el, porque el vai traelo aquí para que teñan o tipo igual que o resto da área metropolitana ou se pode máis baixo que o resto da área metropolitana. Di que o traerá aquí, que non se preocupe, que o traerá para que os veciños paguen menos. Agora, se eles llo votan en contra, para iso están en maioría, entón eles responderán ante os veciños.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno pide que non saque das súas palabras cousas que non dixo. El dille que non está lexitimado pola maioría actualmente na Corporación para facer esa proposta sen falala previamente cos grupos. É o que quere dicir.

Evidentemente, aquí hai dous momentos de intentar solucionar o problema que eles xeraron. Indo, como lle propón, a esa ponencia de valores, pedindo a súa revisión, iso polos efectos sobre as economías familiares que eses novos valores catastrais supoñen, que el non os inventa, se quere llos ensina, a duplicidade ou triplicidade dos valores catastrais, e, posteriormente, se iso non prosperara, sería o momento de falar da revisión dos tipos do IBI. Pero pide que primeiramente vaian á base do problema, que é a revisión de valores catastrais que fixeron. Pide que intenten resolver iso.

Son dous momentos para a solución do problema, ninguén quere que os veciños paguen máis. Pide que non poña na súa boca palabras que non está dicindo. O que está dicindo é que isto ten dous momentos de solución do problema, un indo á

ponencia de valores catastrais e á revisión do Catastro, falando co Catastro para dicirlle que se lles foi das mans, que miren os valores que están saíndo, por iso lle ten proposto tamén a posibilidade de que estude os recursos xurisdicionais ou administrativos que puideran caber para que quede sen efecto e poida poñerse en marcha unha nova revisión de valores, adecuados á situación de mercado e das economías familiares do concello, e se iso non fora posible, despois xa falarán do tipo do IBI. Son dous momentos diferentes, pero o primeiro é o primeiro. O primeiro é reformar a desfeita que teñen montado coa revisión dos valores catastrais, iso é o que dixo.

Toma a palabra o Sr. alcalde di que para simplemente facerlle unha pregunta ao Sr. Rey. Pregúntalle por que teñen o tipo do IBI ao 0,65%, cando o resto de concellos que teñen ao redor o teñen sobre o 0,40 ou 0,45%. Arteixo ten o 0,40. Cambre é o que o ten máis alto. Esa é a pregunta e de aí parten os cálculos. Un valor de 100.000 multiplicado por 0,65 non é o mesmo que 100.000 multiplicado por 0,40, é así de claro e pide que non lle dean voltas.

El prefire, como veciño, e supón que como calquera veciño, ter as súas propiedades adecuadamente valoradas, por unha sinxela razón, porque inflúe en caso de venda, en caso de herdanza, en caso de cesión aos fillos, en todos os casos. Hai algunhas excepcións nas que non, pero na maioría dos casos as propiedades hai que telas cun valor actualizado, non cun valor do século pasado, porque logo o único que fan é pagar impostos. É así de claro.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que como para discutir con eles, que por riba teñen toda a información da cal non lles deron traslado. Eles teñen a necesidade de moitas veces andar buscando información por aí, e vaille ler os tipos impositivos do IBI dos mesmos concellos que antes citou, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo e demais. O Sr. alcalde fala en urbano do 0,65%, dille que saberá que agora están pagando o 0,715% como consecuencia dun incremento que lles regalou don Mariano Rajoy dun 10 % por riba do tipo fixado na ordenanza municipal. Carral é o 0,6%, A Coruña o 0,6%, Culleredo o 0,61%, Oleiros o 0,605%, Sada 0,6%. Pregunta onde está o 0,4% do que o Sr. alcalde fala.

O Sr. alcalde dille que en Arteixo.

Don Augusto Rey Moreno di que 0,4%, si señor. Abegondo 0,6%. Culleredo 0,61%.

O Sr. alcalde dille que Culleredo, onde gobernan os socialistas, e iso co aumento que lles fixo don Mariano Rajoy. Cambre 0,715 porque xa o tiñan no 0,65.

Don Augusto Rey Moreno dille que claro, pero que os valores catastrais de Culleredo son de 1994. O valor catastral é de 1994, e o de Cambre era de 1999. Evidentemente estarían máis actualizados os do 99 que os do 94.

Reitera a súa petición de que estude a posibilidade que lle está propoñendo de buscar de oficio a revisión da ponencia de valores e, evidentemente, tamén unha nova revisión dos valores catastrais, porque cre que por aí vai a solución nun primeiro momento.

O Sr. alcalde manifesta que quedou claro. Como isto non se vai aplicar ata novembro do ano 2015, ao mellor xa non é alcalde, como o Sr. voceiro socialista dixo ben, e entón terán tempo a que o grupo socialista o actualice doutra forma.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece en principio ao Partido Socialista o traballo feito e que solicitara esta comparecencia nun tema tan importante como é o tema do Catastro.

Dille ao Sr. alcalde que vaia por diante que dende UxC cren que os veciños de Cambre deben pagar, claro que si, só faltaría, pero con xustiza. Pregúntalle se cre que é xusto facelo neste momento. E con igualdade, todos deben pagar, non uns poucos deben pagar e outros non pagar, todos deben pagar.

Di que eles pensaban que todo isto era de oficio, non pensaron que fose consensuado co concello.

Vailles dar uns datos que lles faltan, o que el cre que lles faltan. Cando se fai a ponencia, téñense en conta dous módulos, o módulo básico de repercusión, que é o valor do solo, e o módulo básico de repercusión de construción. Arteixo ten o módulo básico de repercusión valor de solo en 210, Cambre en 450. O de construción Arteixo o ten en 475 e Cambre 650. Betanzos e Carballo exactamente igual, e o actualizaron no 2008 e 2009. No 2008 e no 2009 xa estaban en crise, non era nin mellor nin peor que agora, máis ou menos era a mesma. Non saben a que vén que non se teña solicitado aos técnicos un estudo económico desas subidas, a que corresponden esas subidas de 210 a 450, de 475 a 650. Descoñecen por que non se pediu que se fixera ese informe económico á proposta.

Oleiros rexeitou no 2011 a proposta dunha revisión xeral, e si fixo unha revisión puntual. Aínda así, no 2011 ingresou un millón de euros, simplemente por esa revisión puntual. Pódese facer, non é o todo ou a nada. Pódese regularizar aqueles que non están pagando, e incluso aqueles que inxustamente están pagando. Podíase facer, o Goberno municipal non o fixo. Cre sinceramente que lles meteron un gol, agora intentan defendelo, e el cre que o están defendendo bastante mal, cre que vai ir ao banco de suplencia rapidamente, porque nin o mesmo Sr. alcalde o di convencido do que está facendo.

Estas valoracións ao seu entender son infladas e pertencen ao pico da burbulla inmobiliaria, non ao momento actual, e o Sr. alcalde non alegou iso en defensa dos seus veciños. Pregunta por que non se agardou a realizar a ponencia a que se revisara o Plan xeral, están no Plan xeral, volven outra vez a falar do mesmo. UxC leva unha pregunta despois sobre o tema. Pregunta por que non se agarda, quizais porque o Goberno municipal non cre que se aprobe rapidamente o Plan xeral de ordenación municipal.

Dilles que lles están cobrando como a un concello urbano, iso si, sen servizos. O Sr. alcalde abandona, unha vez máis, aos veciños de Cambre cando se trata de facer fronte a outras administracións, pasou con Fomento, coa Xunta, coa Deputación e agora co Catastro. Pasa co tren, coa vía Ártabra, coa peaxe libre á autoestrada a

Catro Camiños, co nó no Temple e co polígono de Espírito Santo. Pregunta para quen goberna, para os veciños de Cambre está claro que non.

O Sr. alcalde anuncia que no 2015, ano das eleccións municipais, e xa veñen vivindo durante todo este pleno que de aquí ás eleccións van anunciar moitas boas e maravillosas medidas, reducirán o tipo impositivo do IBI co obxectivo de que ningún veciño vexa aumentado o seu recibo de contribución.

Dille que poden tragar, e sinceramente dálles igual, con que o Sr. alcalde o faga na prensa, o que lles parece inmoral é que o faga na páxina web do concello, porque son propostas dun grupo político a un futuro. Está utilizando a web institucional para un fin persoal e partidista, e non é a primeira vez que llo din, xa veñen dicíndollo dende hai tempo, que ten que ter un pouco de respecto á institución e debe separar os papeis. Isto non é o casal do Sr. Rivas, nin moito menos.

O Sr. alcalde di que isto tiña que terse feito hai seis anos, pero el xa leva tres anos e medio aquí, e puido ter falado co resto dos grupos hai tres anos e medio, tres anos, dous anos, pero non, ocórreselle agora, ou mellor dito falar con eles aínda non se lle ten ocorrido, polo menos con UxC.

En canto á súa promesa de non subir a contribución aos veciños, puntualizou que si é alcalde, iso si que o fixo moi ben. Dille que el está gobernando porque a principio de legislatura UxC fixo un exercicio de responsabilidade, e así o entenderon, e déronlle a confianza para que estivera gobernando. Esa confianza a perdeu hai moito tempo, e así llo veñen dicindo. É unha cuestión de confianza e a de UxC non a ten.

Continúa dicindo que se o Sr. alcalde quere que os veciños de Cambre lle crean que non van pagar nin un euro máis mentres sexa alcalde, que vaia ao notario e que diga que se un veciño de Cambre paga un euro máis, que sairá do seu peto. Entón comezará a crelo, e dirá que ao final non vai ser tan malo como parecía.

Os datos din que o valor medio en Cambre era de 27.000 euros, aproximadamente, e pasou agora a 52.000, un 91% máis, como ben puntualizaba o compañeiro Augusto. Pero no aumento de valores catastrais medios no 2014, así llelo di o Catastro, en Aranga hai un incremento do 19%, en Curtis un 1%, en Mesía un 12%, en Porto do Son un 25%. En Cambre un 91%. Pídelle que vaia ao notario, que faga o favor.

Di que a proposta do Sr. alcalde soa a promesas electorais. Soa máis a unha promesa electoral que a unha realidade, e saben como son as propostas do Partido Popular e cal é a realidade, están a sufrilas.

Conclúe dicindo que UxC súmase á idea que lanzou o voceiro socialista, porque non vale afogar aos veciños e despois mandarlles un salvavidas. Pídelle ao Sr. alcalde que o consensúe cos grupos políticos e que paralice todo isto, porque neste momento é unha inconsciencia total seguir cara adiante.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, ante este proceso de revisión dos valores catastrais, considera

desproporcionada, desacertada, e que ao mesmo tempo entra en contradicións, nalgúns casos, co proxecto de elaboración do Plan de urbanismo.

Por unha banda, e niso coincide co Sr. alcalde, teñen o tipo de gravame máis alto de toda a comarca, o 0,65%, pero tamén lle di que tivo tres anos para poder baixalo. Iso, xuntamente coa valoración catastral, traerá como consecuencia unha subida desproporcionada da contribución, á cal moitos veciños e veciñas de Cambre non van poder facer fronte coa súa paga mensual, moitísimos, tendo en conta, ademais, a situación de crise, de paro e desemprego que teñen, e o aumento de impostos, tanto pola Xunta como polo Goberno Central. Esas circunstancias vanse ver agravadas coa subida que eles pretenden. Esas subas non fan máis que incidir na maltreita economía das familias cambresas. Este Goberno parece impasible, como dicía antes a súa compañeira Olga, nun concello onde hai algo máis de 2000 parados.

Por outra parte, gustaríalle pedir ao Sr. alcalde que os informaran sobre os terreos urbanizables, nos que non existe un plan de actuación concreto, onde unha mera cualificación de urbanos xa non é motivo para pagar como urbanos, senón cando efectivamente teñan unha perspectiva urbana cun plan de edificación mediante, evidentemente, un plan parcial ou instrumento equivalente. Nese sentido xa lle di ao Sr. alcalde, aquí publicamente, que EU presentará para o vindeiro pleno unha moción para que se devolvan as contribucións que se cobraron indebidamente como consecuencia do pago do IBI en terreos urbanizables, que agora imaxina van pasar algúns deles a rústicos. Porque o Sr. alcalde sabe que hai unha sentenza do 30 de maio deste ano, onde se di que os terreos urbanizables se eliminan e pasarán a ser rústicos. En consecuencia, as contribucións pagadas dende o ano 2011 teranse que devolver. E neste sentido faille outra pregunta. Se as teñen que devolver, pregunta como se vai financiar o Concello de Cambre para devolver esa cantidade de diñeiro, xa que esa é unha sentenza firme do Tribunal Supremo.

Así mesmo, tamén lle gustaría que lle informara se existe algún cambio no documento do Plan xeral de ordenación municipal respecto da clasificación dos solos aptos para urbanizar, o que sen dúbida repercutiría no pago do IBI para moitas familias de Cambre, e se ten o Goberno realizada algunha valoración económica, como lle dicía antes, como consecuencia da posible devolución do IBI cobrado indebidamente e contemplado na sentenza do 30 de maio de 2014 do Tribunal Supremo.

Xa para rematar, pregunta se está nas previsións do Goberno algunha intervención de oficio ante a Xerencia Territorial do Catastro, propoñendo que a efectos catastrais os terreos do termo municipal de Cambre clasificados nas Normas subsidiarias de planeamento, que son as que están vixentes ata o momento, como urbanizables sectorizados, que carezan de instrumento de planeamento de desenvolvemento aprobado, pasen a contribuír como bens inmoables de natureza rústica, deixando de facelo na súa inapropiada condición de urbana.

Pregunta se lle poden contestar a estas preguntas que lles fixo, tanto a concelleira como o Sr. alcalde.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que non sabe se a concelleira llo pode contestar, el non as ten preparadas para contestalas.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz manifesta que con respecto ao que dixo de se no Plan xeral algúns urbanizables van cambiar, responderíalle que cre que si, pero preferiría revisalo e confirmalo.

Por outro lado, non entendeu moi ben a última parte da súa exposición, falaba duns solos urbanizados que na ponencia cambiaban de rústicos para urbanos. Non entendeu moi ben iso.

Don Luis Miguel Taibo Casás aclara que na revisión do Plan de urbanismo hai uns terreos que agora están como terreos aptos para urbanizar, e pregunta se van cambiar para rústicos. Porque di que iso ten unha consecuencia bastante importante no que se refire á contribución para moitas persoas.

Dona Rocío Vila Díaz dille que entón a mesma contestación, terán que revisalo, porque non lle sabe dicir con exactitude se cambian, e contestaríallo cando revisen o documento.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, baixo o seu criterio, terán que cambiar, porque se hai unha sentenza do Tribunal Supremo haberá que pasar a rústicos os urbanizables. É máis, di que isto vai en consonancia coa pregunta que lle facía antes sobre que ten pensado facer o concello ante as posibles devolucións de contribucións dende o ano 2011, cobradas indebidamente segundo contempla esa sentenza.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el entende que están na comparecencia sobre o tema do IBI, se eles introducen máis preguntas nesta comparecencia, o capítulo de preguntas, apártano. Comprenderá que non veñen preparados para contestarlles agora ás cuestións técnicas que lles fan, el non as sabe. Están na comparecencia na que o Partido Socialista presentou unha serie de preguntas á concelleira de Urbanismo. Se o Sr. Taibo lles fai máis preguntas, dille que as anota e que lle contestará, porque non o sabe agora de memoria. Contestaranlle por escrito.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás agradécelle a resposta e sinala que xa para rematar, insistir un pouco en que respecto deste tema da devolución das contribucións, cobradas indebidamente baixo o seu punto de vista, o seu grupo presentará unha moción no vindeiro pleno para que se fagan efectivas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, felicita en primeiro lugar ao grupo do Partido Socialista pola comparecencia solicitada, pola estrutura e concisión das preguntas, e tamén saúda a intervención do seu voceiro, Augusto Rey, pola súa solidez e práctica irrefragabilidade. El concorda total e absolutamente co que expuxo aquí neste pleno e, en especial, coa solución que deu, porque non se limitou unicamente a realizar unha crítica, senón que achegou unha posible saída a este embrollo, que deduce das palabras do Sr. alcalde que el despreza e ningunea.

Dende o BNG di que el quixera facerlle unha pregunta hoxe aquí, porque realmente quedou bastante sorprendido con parte das respostas que dende o equipo de goberno

se deron ás preguntas formuladas. Din que o equipo de goberno tivo o propósito firme de levar a cabo esta revisión, e el pregúntase, porque non o sabe de memoria, se cando se presentaron en maio do 2011 ás eleccións, no seu programa electoral lle dixeron aos veciños e veciñas de Cambre que un dos seus propósitos firmes se ocupaban a Alcaldía era realizar unha revisión dos valores catastrais. Aventúrase a pensar e dicir publicamente que non, que non lle dixeron iso aos veciños e veciñas de Cambre, e menos a facelo como o fixeron, porque custoulle, pero descifrando ese siloxismo da Deputación e demais, ao final saben que isto se fixo por vontade propia do Goberno municipal. Dito doutra maneira, se o Goberno municipal non quixera ter feito isto, non se tería realizado, ou utilizando cre que unha linguaxe máis apropiada, consumado ou perpetrado.

Fixérono como practicamente veñen facendo todo ao cabo desta lexislatura, ás agachadas, sen o máis mínimo consenso, sen a máis mínima participación, sen contar cos grupos da oposición absolutamente para nada. Tamén o dixeron eles, era o seu propósito firme, tiñan a firme determinación, e para que contar cos grupos da oposición.

Chámalle a atención que se escuden moitas veces no carácter técnico ou en cumprir coa lei. Ninguén está falando aquí de incumplir a lei, pero entre cumprir a lei e ser os parvos da comarca, media un abismo, porque efectivamente, tamén el cre que aí foi clarividente o relato das últimas actualizacións que se veñen realizando nos concellos do noso contorno. De verdade lles di que son os parvos da bisbarra, porque podendo baremar, calibrar, subir ou baixar con posterioridade o IBI, non era tal o problema de actualizar os valores catastrais.

Pero di que, ademais, incídese nunha mentira a este pleno, porque existe a figura da revisión puntual ou parcial dos valores catastrais, como se dixo aquí que fixo Oleiros e outros concellos da comarca puntualmente. E en Cambre non se optou por iso, por motivos que el de verdade a estas alturas descoñece, porque non lles atopa lóxica racional de ningún tipo.

O equipo de goberno di que pensa nesa xente que tendo terreos urbanizables poderán pasalos a rústicos, e el solidarízase total e absolutamente con eses veciños, pero mirándolle á cara a eses outros veciños que non sabe a ciencia certa cantos centos ou milleiros poden ser os que se atopen nesa situación. El si cre que para a administración municipal son máis preocupantes as consecuencias que ten a revisión do valor catastral para eses veciños do Graxal, para eses veciños da Barcala, para eses veciños de Cambre, que non teñen moitos terreos, ou que non teñen polo común máis terreo ou máis propiedade que a súa vivenda habitual, que van ver como a revisión dos valores catastrais vai duplicar e triplicar os valores das súas propiedades, que utilizan non máis que para vivir, para levar adiante o seu proxecto de familia, para intentar dalgunha maneira saír adiante.

A xuízo do Bloque isto é un total e absoluto despropósito, de verdade o di. Dende un punto de vista persoal sálvanse de que estean no último ano de lexislatura, porque isto era, en fin, de coller a porta e botalos fóra, iso dende un punto de vista democrático, porque o que están demostrando con isto é unha negligencia total e absoluta á hora de

xestionar un concello, e pasa que non o poden recoñecer, por iso a única saída que lles queda é fuxir para adiante.

El pediríalles que o fixeran cun mínimo de elegancia, e cando montan esa oficina de información, que tiveran a decencia e grandeza mínima de situala na casa do concello, para que polo menos os veciños, que non veñen absolutamente a nada, porque efectivamente o mal se non hai vontade política, e ven que non a hai, que xa está feito, e que as baremacións son nese sentido inamovibles, e o único que se pode facer é facilitar información para cumprir os trámites, non poden solucionar nada, pero que polo menos veñan ao concello e se teñen a ben solicitar audiencia con eles, que llela cedan.

O tema de poñer a oficina no Seixal, na Casa da Cultura, pois realmente, en fin, dende un punto de vista de hixiene democrática deixa moito que desexar. Como deixa moito que desexar que o Sr. alcalde utilice os resortes do Concello de Cambre, que son de todos, para facer política partidaria. En parte apuntouno o compañeiro Óscar, de UxC, e el redonda nesa realidade, porque el cre que non está ben xogar coas cartas marcadas ou con máis cartas que as que lle outorga a baralla. Dixo o Sr. alcalde que se el é alcalde de Cambre non subirá o IBI, e el cre que non debería utilizar as súas comparecencias públicas como alcalde de Cambre para pedir o voto, para insinuar o voto, para facer campaña política. Pode facelo na sede do Partido Popular, pode facelo como presidente ou secretario da agrupación local do Partido Popular, pode facelo incluso no Pleno, facer ver cales son os seus propósitos, pero utilizar as roldas de prensa do Concello de Cambre que como alcalde ten esa lóxica potestade, a el non lle parece elegante.

E máxime para dicir unha inexactitude, porque o mesmo alcalde aquí agora contradixo o que el mesmo dixo, o de que se el segue sendo alcalde non vai subir o IBI, pero resulta que efectivamente iso é unha competencia do Pleno, e o mesmo alcalde lle dixo ao Sr. Augusto Rey que traerá a rebaixa do IBI ao Pleno e a ver se o Pleno lle di que non.

É dicir, o sentido común lévalles a pensar que con independencia de que sexa Rivas, ou Patiño ou Taibo ou Augusto alcalde, non van ter un IBI desproporcionado. Ata nesa mensaxe fai o Sr. alcalde trampa e, en todo caso, non é competencia do alcalde senón que é competencia do Pleno.

O Sr. alcalde acaba de meter a moitísimas familias de Cambre nun sarillo realmente complicado, e é total e absolutamente surrealista que toda a solución que promove é que sube e tal, pero que despois xa o iremos baixando, e iso si, non falta o espírito caritativo nas políticas do Partido Popular, aos máis necesitados daránlles unha axuda. Loxicamente que á xente que ten menos recursos hai que darlles unha axuda, pero con medidas como esta o que van conseguir é que aumente expoñencialmente a bolsa de veciños e veciñas de Cambre que están nos límites da pobreza, porque insiste, o que están aquí tratando hoxe non é unha broma, e para el delata un desaguisado e unha forma de xestionar Cambre.

Continúa dicindo que ás veces faise comparación cos anos anteriores de goberno, e el nunca defendeu ao anterior alcalde, e non o vai facer agora, pero si ten claro que unha

persoa que mira mínima e eficientemente por Cambre podería cometer moitos erros, como poden cometelos todos, pero dende logo non dispararía ao pé da saúde económica das familias de Cambre como acaban de facer eles con esta torpeza total e absoluta.

Conclúe dicindo que se foi un erro de inexperiencia ou de principiante, ben farían en recoñecelo e asumir as consecuencias políticas que diso se derivan. E se non o foi e realmente isto foi así, el a maiores os convida a que procedan de inmediato na Coruña, onde teñen maioría absoluta, a que a través do seu alcalde Carlos Negreira, revisen os valores catastrais. A que chame ao Sr. Mouriño en Carral e lle diga que revise os valores catastrais porque está fóra da lei, e porque iso vai ser moi bo para os veciños de Carral. E así sucesivamente cos diversos alcaldes do Partido Popular. E despois pídlle que lles diga o que lle contestan.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que xa non sabe por onde comezar, pero que vai comezar polo principio, porque dille que eles utilizan a lei do embude, a de que eles o poden facer porque son tal, pero os outros non. Ou sexa, que os demais grupos poden repartir folletos nas portas do supermercado, nas festas, e iso non é publicidade, pero o alcalde de Cambre non pode dicir que mentres sexa alcalde os veciños de Cambre non pagarán máis de contribución, porque iso foi o que dixo. Mentres eles si que poden repartir folletos, nos supermercados, nas tendas, nas festas, nas churrascadas e demais, o alcalde non pode dicir iso. Non sabe cal é a bula da Santa Cruzada na que están metidos.

El segue a dicirlle o mesmo. El é un alcalde que veu aquí a cumprir a lei, estritamente a lei. E a lei obrígao a facer unha revisión catastral cada 10 anos, a el. Di que non lle importa que os demais alcaldes non o fagan, advertidos estarán. E vaille dicir máis, cando o Catastro fixo a revisión catastral e cando lle remitiu a ponencia, el viu a ponencia e é unha subida gradual de aquí ao ano 2023, subida gradual. Pero o que si están facendo é revalorizando as propiedades dos veciños de Cambre.

O único que ten que facer, ou que debe facer o Goberno, e xa sabe que non é plenipotenciario, que está en minoría, é baixar ese índice que artificialmente durante varios anos, por non facer a actualización catastral e para recadar o mesmo, foise subindo. Iso foi o que pasou, e segue a mantelo.

Por certo, di que a comparecencia era da concelleira de Urbanismo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno dille que, por certo, quen deu as primeiras noticias da revisión catastral nunha rolda de prensa foi o Sr. alcalde.

O Sr. alcalde contesta que si, pero que a comparecencia é da concelleira.

Don Augusto Rey Moreno dille que si, pero que el tamén se meteu no tomate. O Sr. alcalde utiliza algo que é absolutamente falso, que é unha idea que está por aí bulindo dende hai tempo sobre que a revisión dos valores catastrais mellora o valor da vivenda ou do terreo. Dille que iso é absolutamente falso. A revisión dos valores catastrais só sirve neste momento para aplicar o imposto de bens inmobles, e punto, porque un prezo dun terreo, ou dunha vivenda ou dun piso, vén marcado polo mercado, a lei da

oferta e da demanda, e iso o PP o sabe moi ben. No mercado, un pide 30, o outro dá 25 e quedan en 27, e acabouse. O valor catastral é o de menos.

Pregunta que ocorre, e volve ao que dixo antes, se ese ben se intenta vender ao prezo que se estableza entre o comprador e o vendedor ten un valor catastral alto, o eventual comprador vaise volver atrás se ten unha oferta cun valor catastral menor, porque o que se supón é que ese valor catastral vai dar lugar a pagar máis polo IBI, e nada máis.

Di que o Sr. alcalde falaba de que servía para o imposto de sucesións, o imposto de actos xurídicos documentados, pero para iso o valor catastral non vale, a Xunta fai as súas propias valoracións. Hai dous anos e pico trouxeron unha moción nese sentido, porque os criterios que se establecían pola Xunta para as valoracións tamén eran desproporcionados e con ánimo recadatorio. Pero son valoracións absolutamente independentes, con criterios diferentes, pide que non mesturen todo.

Conclúe reiterando a súa petición ao Sr. alcalde de que estude o tema. De verdade cre que se meteu a pata profundamente. Está nas súas mans resolver o problema, e a iso o chama.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el cre que a comparecencia da concelleira de Urbanismo quedou completa, así que se lles parece pasan ao seguinte punto da orde do día.

4.2. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2001/2014, do día 12 de setembro de 2014, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Manuel Marante Gómez dende o día 16 de setembro ao 28 de setembro de 2014, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.3. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7577 o día 20 de setembro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Nas obras que se están a executar no contorno do Paraugas, anteponse a circulación rodada á seguridade viaria dos peóns. Non o dicimos nós, son os propios operarios os que o afirman.

Veciños con mobilidade reducida e en cadeira de rodas maniféstanos as súas queixas polo grande número de obstáculos que teñen que franquear, sortear e superar nos seus desprazamentos diarios pola zona: ramplas sen sinalizar, con gravilla, inutilizadas polo estacionamento de vehículos enriba delas, con pronunciadas pendentas, mesmo con peraltes imposibles para veciños en cadeira de rodas que en moitos casos precisan de axuda para poder superalas. Chapas de ferro, lousas desprendidas e deficiente iluminación na ponte do Burgo que disuaden aos veciños de utilizala para comunicarse con Culleredo. Estreiteces e obstáculos nas beirarrúas e unha deficiente sinalización converten este espazo nunha “Gymkana” diaria para probas de obstáculos.

Por todo iso, solicitamos do alcalde se dean as instrucións oportunas, se acometan os traballos necesarios no ámbito das súas competencias no devandito contorno e se fagan as xestións pertinentes diante da Xunta de Galicia que permitan diminuír o impacto das obras que se están a levar a cabo no referido espazo e eliminar as barreiras arquitectónicas coas que se enfrontan diariamente veciños con mobilidade reducida que transitan pola zona.

O Sr. alcalde contesta que recolle o rogo e dille ao concelleiro socialista don Jesús Bao Bouzas que non se preocupe, que mañá mesmo falará co enxeñeiro da Xunta para que trate de minorar todos eses obstáculos que se atopan as persoas, sobre todo as que van en cadeiras de rodas.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que lle gustaría que tamén fixera extensiva esa petición ao enxeñeiro municipal, porque entenden que hai visicitudes que afectan a espazos de titularidade municipal.

O Sr. alcalde explica que o enxeñeiro municipal e el mesmo xa estiveron alí, e estiveron vendo todas as deficiencias, o que pasa é que sobre moitas delas ten que actuar o enxeñeiro da Xunta. Reitera que o enxeñeiro municipal e el xa estiveron alí vendo eses problemas, para tratar de solucionarlos, pero recolle o rogo do Sr. Bao e mañá mesmo falará con eles.

2º Veciños de Cambre veñen demandando, dende mediados do mes de agosto, a reposición dunha tapadeira dun rexistro existente na rúa peonil que discorre entre a rúa Miguel González Garcés e a estrada Cambre - O Temple, polo lateral da ferraxaría Os Vilas. O citado rexistro foi tapado cun cono de plástico o que non impide que os peóns poidan tropezar nel e ferirse.

Por todo iso, solicitamos que, atendendo ás demandas veciñais, se repoña coa máxima urxencia a tapadeira do citado rexistro.

O Sr. alcalde explica que el está contestando as preguntas do Sr. Marante porque está de vacacións. Di que, efectivamente, e ese rexistro que estaba alí colocado, esa tapadeira do rexistro, resulta que é un modelo do que non se sabe a súa procedencia. A enxeñeira municipal, Elena Bartolomé, fixo indagacións para saber o modelo que era e por fin conseguiu o fabricante. Xa lle fixeron a transferencia e están agardando. Supón que nestes días, a máis tardar a primeiros da semana que vén, estea aquí a tapadeira para repoñela.

3º A marquesiña situada no contorno da glorieta de acceso á urbanización A Barcala atópase suxeita por dúas bridas que, polo que parece, téñense instalado para que esta non caia sobre os veciños que esperan polo transporte. Como a citada suxeición leva instalada xa un tempo:

Solicitamos se adopten as medidas oportunas para reforzar as súas ancoraxes dun xeito definitivo e garantir, deste modo, a seguridade dos veciños que a utilizan.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, puntualiza que non son unhas bridas o que ten posto, son uns ventos. Unha brida é unha peza de plástico, unha brida é unha corda, non ten nada que ver. Explica que ese vento púxose porque hai uns meses, debido á rotura do cristal, a estrutura tiña debilidade estrutural, porque o cristal é o que fai que se manteña toda no sitio, repúxose o cristal e están pendentes de que a brigada de obras vaia retirar a suxeición. Non ten ningún perigo, porque unha vez que ten o cristal, a estrutura está ben.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que supón que esas bridas ou ventos, como se queiran denominar, van ter un tempo limitado, vanse cambiar, é dicir, non son necesarias para manter a seguridade.

Don Fernando Caride Suárez contesta que actualmente non son necesarias.

Don Augusto Rey Moreno salienta, ademais, cre que están tomadas contra uns arbustos que están alí.

Don Fernando Caride Suárez explica que os puxeron cando rompeu. Como houbo uns ventos moi fortes hai un par de meses, ao debilitarse a estrutura pola falta dun dos panos de cristal, a realidade é que entraba o vento por ese oco e entón podía facer vela e levantala, aí si había un problema, por iso se decidiu poñer os ventos. Ao poñer o cristal, á empresa que o fixo non se lle deu orde de quitarlos, porque tiña que poñer o cristal, non quitar o vento, nada máis.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7569 o día 20 de setembro de 2014.

1º Neste mes de setembro cúmprese o prazo de prórroga que se lle deu ao equipo redactor do PXOM. Pregamos nos informe de se está presentada a documentación por parte do equipo redactor.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que a documentación tivo entrada este luns e, nestes momentos, estase revisando se está completa.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, sinala que no pleno de xuño contestoulles que estaba ao 60%, aproximadamente, e díxolles que no momento en que se incorporara o xefe da área lles faría chegar o planing pormenorizado, que en

definitiva ía ben e que a valoración por parte do concello era boa. Di que non se lles fixo chegar este planing, e agardan que se lles faga chegar en breve.

Dona Rocío Vila Díaz explica que ese planing recollía os tantos por centos nos que se atopaba o desenvolvemento do Plan xeral e á volta de vacacións do xefe da área faltaba tan pouco tempo para entregalo, que desistiu en facelo, pero di que pode facelo, entregárllelo cos valores porcentuais que había nese momento, sen ningún problema.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que si, que lles gustaría que llelo entregara, tal e como llelo prometeu e, ademais, gustaríalle saber tamén unha data aproximada de cando van tratar este tema, dunha vez por todas, se teñen pensado consensualo coa oposición, claro.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que si teñen pensado consensualo con eles. Non pode dicirlle exactamente datas, porque teñen empezado estes días a revisalo, agarda poder darlles unha data máis concreta nos vindeiros días.

2º Con motivo do comezo das obras da escola infantil observamos que se está levantando un muro, que non garda a liña de edificación co edificio existente, o que produce un estreitamento da vía, o que xa hai uns meses reduciu o vial a un só carril, en lugar dos dous que tiña. Pregamos unha explicación que poida xustificar o que poderíamos definir como “atentado ás regras mínimas de urbanismo”, dado que normalmente as rúas non se estreitan, se amplían.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que ese muro levántase na parcela que se concede para a construción da escola infantil, e estase levantando segundo as Normas subsidiarias do concello. Nesa parcela non estaban marcadas as aliñacións do edificio e entenden que non hai necesidade de retranquear ese muro porque segundo o Sr. García Patiño atenta contra as regras mínimas de urbanismo, pero se o retranquean estarían atentando contra unha redución dos metros cadrados que se facilitaron para ese equipamento.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que non se atenta contra os metros cadrados. Primeiro non entenden por que se ten que facer ese muro para poder levantar toda esa parte e non rebaixar a parte de arriba e facer o muro arriba, que entenden que sería o máis lóxico. Pero aínda así, e xa visto que o proxecto está aprobado e está así, poden retranquear ese muro á altura da liña de edificación dos edificios que están alí, están falando do 7+7, a panadería, todo ese edificio, con esa liña. E como na parte de arriba están falando de que vai ir a máis de dous metros e medio, incluso poden facer unha especie de pasadizo por debaixo do muro, aproveitando exactamente os mesmos metros.

Di que é unha idea que eles teñen para que haxa máis prazas de aparcamento, porque as quitaron, deixar máis beirarrúa, porque é necesaria. Cre que sería bo para todos.

Dona Rocío Vila Díaz dille que esa mesma proposta se lle fixo no seu momento á Fundación Amancio Ortega para, xa que ía facer ese recheo, aproveitar. Iso mesmo

que dixo o voceiro de UxC propuxéronllo, é máis, propuxéronlle, se esa opción non lle gustaba, deixar aí unha especie de semisoto para posible utilización do concello. Negáronse directamente, dixeron que non.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que non teñen que pregarse a que Amancio Ortega, ou a Fundación Amancio Ortega diga que non, haberá que expoñer as cousas, incluso podía pagalo o concello, facer unhas columnas, un tellado e aproveitalo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a parcela a teñen cedido á Xunta, non este Goberno, senón o anterior. A parcela xa está cedida á Xunta de Galicia, a parcela enteira, unha metade para o centro de saúde e a outra metade para un centro de día e unha escola infantil. Este Goberno non ten actuado na cesión. A parcela está cedida, xa non é deles, e eles o único que teñen que rexerse é polas Normas subsidiarias que marca o actual planeamento.

A Xunta pode actuar con ela como queira. O proxecto estivo aquí, eles o aprobaron, era un bonito proxecto, pide que non lle poñan agora o cascabel ao gato cando iso non ten remedio, pide que lle perdoe.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que lle perdoa, pero que UxC llo dixo hai tempo xa, a idea de facer primeiro os aparcamentos en subterráneo que perderon. Perderon toda a altura que podían edificar segundo as Normas subsidiarias. Teñen perdido absolutamente todo. É verdade, entregárono á Xunta, pero pregunta se negociaron realmente coa Xunta para conseguir máis para Cambre. Sinceramente el cre que non.

Díxollo antes na exposición da comparecencia, cando falan da Xunta, da Deputación e de todo iso, o Sr. alcalde cálese e prégase ao que din eles, unha vez máis. Só hai que ir pola rúa Francisco Añón e ver o despropósito que teñen alí. O Sr. alcalde acaba de dicilo, cedeuse para facer unha escola infantil, como se está facendo neste momento, e para un centro de día e un centro de saúde. O centro de día o actual Goberno encargouse de varrelo, eles, tamén hai que dicilo. Cedeuse para iso, e eles, o actual Goberno, encargouse de tiralo, iso tamén hai que dicilo, e así lles vai.

Cando teñen a oportunidade de recibir algo premendo á Xunta, pedindo, rogando, ou que faga falta, simplemente préganse. Din que o deron á Xunta e que agora a Fundación Amancio Ortega di que non. Está claro que seguramente o Sr. Amancio Ortega non veña pasear pola rúa Francisco Añón, nin todos os veciños, pero o Sr. alcalde sabe como estaba esa rúa e como quedou agora, o Sr. alcalde e todos os veciños que pasan por alí.

O Sr. alcalde lémbrale ao voceiro de UxC que aquí se presentou un proxecto do DTC para reformar o centro de Cambre, e o Sr. Patiño o tachou de ilegal por non cumprir a norma. Pídelle que non lle faga incumplir as normas agora, as Normas subsidiarias que teñen aprobadas neste concello. Pregunta se o rogo está contestado.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que nesas normas o Sr. alcalde podía facer o que el lle está dicindo.

O Sr. alcalde dille que non, que o Sr. García Patiño sabe que non, e que a parcela non a cedeu el.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que primeiro coincide perfectamente coa exposición que fai Óscar respecto da rúa Francisco Añón e o pouco espazo que queda. Pero o que máis lle chama a atención é que o Sr. alcalde fala de ilegalidade, di que non quere cometer unha ilegalidade, pero o Sr. alcalde sabe perfectamente, e a concelleira de Urbanismo, e posiblemente moitos membros do Goberno, que as Normas subsidiarias pódense modificar puntualmente. Pode haber unha modificación puntual e non cometen ningunha irregularidade, e se se fía diso, posiblemente se retranqueara máis na rúa Francisco Añón e quedaría máis espazo para aparcar. Non cometería ilegalidade ningunha.

O Sr. alcalde di que el non o entende, que o concello cede unha parcela á Xunta de Galicia para facer tres edificios de tantos metros cadrados, e resulta que cando a teñen cedida, en escritura pública e todo o resto, agora ten que dicirlle que a parcela que lle cedeu vaille quedar máis pequena e van cortar por aí porque van modificar as Normas subsidiarias. Pide que llo expliquen, e lembra que el non cedeu as parcelas, este Goberno non cedeu esas parcelas, que quede claro.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7585 o día 20 de setembro de 2014, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º As fontes do noso concello foron e seguen sendo puntos de grande importancia para o desenvolvemento das actividades diarias dos cidadáns, conservalas no mellor estado é unha tarefa necesaria que corresponde ao Goberno municipal.

Pregamos se realicen os traballos necesarios para o acondicionamento da fonte denominada A Fontaiña e o seu contorno, que figura no inventario de bens do concello segundo datos que se achegan.

O Sr. alcalde contesta que iso xa está rozado e o único que falta, que o vai facer a brigada de obras, é repoñer o valo que está aí na fonte, que dous panos están caídos, pero a roza xa está feita.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a actuación, pero isto, por outra parte, demostra un abandono e unha falta de mantemento preventivo respecto das fontes do concello, porque esta fonte leva un montón de tempo inutilizada. Non contestou se van repoñer o que é a propia fonte, porque non hai auga na fonte, non sabe que pasou. Quere dicir que van sempre por detrás do problema, os problemas teñen que traelos os concelleiros da oposición e despois van. A verdade é que non sabe se algúns saberán nin sequera onde é a Fontaiña.

2º Son varios os veciños e veciñas que en diferentes ocasións se dirixiron ao noso grupo municipal para consultar polos criterios de selección que se utilizan para o obradoiro de emprego dedicado á atención sociosanitaria ou os cursos de formación

municipal para desempregados. Na páxina web do concello indícase que aquelas persoas interesadas deberanse dirixir á oficina de emprego na que se atopen inscritos e solicitar a participación nestes cursos ou obradoiros.

A cuestión é que, unha vez que o INEM realiza a dita selección, as persoas que se inscribiron deixan de estar informadas sobre os criterios utilizados para elixir ás persoas seleccionadas, orixinando suspicacias, difíciles de despexar. Coidamos conveniente, que dentro da información que o concello achega na web, sería conveniente que engadiran os accesos ou enlaces onde consultar os criterios de selección para que aquelas persoas non elixidas puideran comprobar o baremo utilizado.

Pregamos sexa engadida a información completa sobre o proceso de selección realizado tanto nos cursos como obradoiros, nos que non sexa o concello directamente quen o realice. Así mesmo, pregamos teñan en conta a posibilidade de facer constar as listas de admitidos e excluídos para dar maior transparencia ao proceso de selección.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, di que de acordo, que todos os procedementos de selección de alumnos para os cursos de formación municipal son transparentes, publícanse en todo momento na páxina web, todo o mundo pode coñecer os criterios que se utilizan para a selección, as bases, os requisitos que debe reunir o alumno, formación e demais, e iso non cabe dúbida que sempre está a disposición de calquera que se presente a consultalos, ou incluso na páxina web.

Respecto do obradoiro de emprego, a función municipal comeza unha vez que o Inem lles envía as listas de candidatos preseleccionados. A partir de aí, sempre tiveron a disposición de todos os alumnos tanto as bases como os criterios de selección, que ademais veñen marcados por unha orde da Xunta de Galicia, porque nin sequera o concello ten competencia nin capacidade para marcar eses criterios.

Todo o que sexa anterior e que dependa do Inem, pertence ao Inem como organismo independente, e o Concello de Cambre non ten competencias para valorar eses criterios.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que cre que non lle entendeu absolutamente nada do que lle dixo. En ningún momento está dicindo que teña que valorar o Concello de Cambre. O que está dicindo é se poden poñelo, na páxina web do concello, a parte que non depende do concello, porque ela non sabe onde están eses vínculos ou eses hipervínculos que a concelleira di para consulta e transparencia do proceso. Eles na páxina web o que si ven é, dentro do apartado de noticias, o primeiro que se ve na páxina de inicio...

Dona Marta M^a Vázquez Golpe intervén para preguntarlle a que proceso de selección se refire, ao que se fai previamente no Inem ou ao que fai o concello.

Dona M^a Olga Santos López aclara que o que lles trasladan as persoas que orixinan esta proposta que EU fai, é que unha persoa pódese interesar por facer ese obradoiro

ou este curso de formación. Na páxina web do concello indícase que todas aquelas persoas interesadas se teñen que dirixir á súa oficina de emprego para solicitalo. Esa persoa achégase á oficina de emprego e solicítalo, ben. A partir dese momento, a persoa solicitante, a súa información, poden dicir que se dilúe relativamente porque por parte do Concello de Cambre quizais non sexa suficientemente claro. Se ela ten acceso na páxina web a poder ver que ten que facer para poder acceder a ese curso de emprego, quizais sexa conveniente que se siga indicando no Concello de Cambre, ou na propia páxina web, onde poder consultar esas listas de admitidos ou excluídos e non simplemente quedar a expensas de me colleron ou non me colleron. É o que queren dicir, sería un traballo meramente de enforcado de datos, que non son propios pero que si facilitan ao veciño poder seguir ese hipervínculo que o leve ao Inem, á Xunta de Galicia ou onde sexa, ou acceder a esas posibles listas.

Di que non é recriminar absolutamente nada, todo o contrario, é que facilitaría ao veciño non ter que estarse movendo entre unha páxina e outra, cando dende a próxima páxina web do concello, ademais, tal e como está agora configurada, existe esa posibilidade de ir levando ao veciño ata o final do proceso, porque si que se bota de menos esa información. Era unicamente o rogo que lle expuxeron.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que están de acordo, pero que se está facendo, o que a concelleira di estase facendo. Publícanse as listas que chegan do Inem, unha vez publicadas as listas publícanse os que van á entrevista, os chaman por teléfono persoalmente, os que non van publícase tamén ese listado, é dicir, que esa información existe. Que é insuficiente, pois di que intentarán darlle un impulso para que se faga máis lexible, ou máis público, pero facer, estase facendo.

3º Na estrada que transcorre paralela á autoestrada A-6 dende a Costa de Lapa ás Tablas, a maleza cubre parte do viario e impide visualizar os sinais de precaución situados na súa marxe, co risco de perigo para a circulación.

Pregamos se tomen as medidas correspondentes ante quen proceda para o seu acondicionamento.

O Sr. alcalde contesta que ten razón. Di que el ao ler este rogo viu o problema e xa lle mandaron o mesmo luns unha carta a Autoestradas, para que limpe esa zona que é da súa responsabilidade. Se non o fai nestes días, terán que facelo dende o concello e despois reclamarlle a factura, porque os sinais non se ven, efectivamente.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7617 o día 22 de setembro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Rogamos informen se existe algún tipo de colaboración ou convenio entre o concello e as aseguradoras para dotar a Cambre de máis e mellores medios materiais en materia de actuación contra incendios, inundacións, derrubamentos, ...

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que retiran este primeiro rogo por petición dun membro do equipo de goberno.

2º Rogamos fagan unha avaliación do inicio do curso escolar no tocante ao estado das infraestruturas educativas, transporte escolar, prazas nos centros de ensino, comedor, mañanceiro, ...

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, respecto do estado das infraestruturas nos centros educativos, di que todos os investimentos que fixo o concello foron 40.000 euros, sempre tratando de satisfacer a demanda dos colexios, as cousas necesarias en cada un. Reformouse totalmente a unitaria de Pravio, repúxose unha cuberta no colexio O Graxal, no colexio Portofaro pintouse a fachada, no CEIP Wenceslao Fernández Flórez cambiouse a parte dos xogos infantís, colocación de céspede artificial no parque infantil. Todo a demanda do que lles pediron os centros.

Respecto do transporte escolar di que non se ten recibido ningunha queixa ao respecto porque non depende do concello, é da Xunta de Galicia.

En canto as prazas nos centros de ensino, este ano non houbo problemas de prazas nos centros en xeral. Houbo unha escaseza de prazas no colexio do Graxal e os nenos foron recolocados, de acordo cos pais, tanto no colexio de Cambre como no colexio de Brexo-Lema.

Respecto do comedor, o mesmo. Non recibiron ningunha queixa ao respecto, porque tampouco é un tema municipal, este tamén é un tema da Xunta de Galicia, pero non recibiron ningunha queixa.

Do programa “Mañanceiro”, como todos os anos comezou sen ningún incidente, de momento. Fíxose como novidade este ano tamén no colexio de Brexo-Lema, e o luns teñen unha reunión cos pais para valorar ese servizo persoalmente con eles e o centro escolar.

Don Daniel Carballada Rodríguez agradece a resposta e di que loxicamente xa sabe que determinadas cuestións non son competencia municipal, pero el agarda que o Goberno municipal estea atento a se se producen ou non algún tipo de contrariedades, sobre todo ao comezo do curso, cando sempre hai pequenos desaxustes.

Di que ese era un pouco o espírito da pregunta e a verdade é que un pouco, entre medias de que presentaron a pregunta e toda esta cuestión, está o tema, e se é necesario o traen para outro pleno, pero un pouco a información, parecer e opinión que teña o concello sobre o tema do rapaz do Portofaro que é diabético. Ver que coñecemento ten o concello do tema, como ve a situación, un pouco cal é o seu parecer.

O Sr. alcalde contesta que eles coñecen o problema, o coñecen dende o ano pasado, dende o anterior, e saben o deste, saben as conversas que tiveron coa Xunta, pero el cre que non é un tema deste pleno agora mesmo, porque mañá mesmo teñen prevista unha entrevista co pai do rapaz.

4.4. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7577 o día 20 de setembro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Temos denunciado en plenos pasados a situación de perigo para a seguridade das persoas que se vén producindo na zona de Sobreguexe. Pois ben, no camiño que dende o cruzamento de Fraiz baixa cara a ponte da autoestrada AP-9, e antes de pasar por ela, existe un farol que presenta os cables de subministración eléctrica soltos, o que representa, como dicimos, unha situación moi perigosa para os peóns que transitan pola zona.

Por todo iso este grupo pregunta:

Por que, a pesar da reclamación formulada por este Grupo, non se ten solucionado aínda a citada deficiencia?

O Sr. alcalde contesta que a citada deficiencia xa foi reparada. Aí faltaba unha tapa, e os cables estaban efectivamente soltos, non sabe que pasou coa tapa, ou voou co aire ou alguén a levou ou a roubou ou o que sexa. O certo é que ese tema xa está reparado.

2ª Na rúa Tapia, á altura de Opencor, existe unha parcela sen edificar que se atopa chea de maleza, e que representa un foco de sucidade para a zona. Toda vez que é responsabilidade dos propietarios de inmobles mantelos en bo estado.

Este grupo pregunta:

Que xestións se teñen feito para esixir á propiedade da citada parcela o seu mantemento e limpeza?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que agora mesmo existe aberto un expediente de orde de execución para esixir a limpeza do terreo. A raíz de ver a pregunta di que lle pediu ao enxeñeiro que fora a vela para que fixera o informe á maior brevidade posible, para esixirlle aos propietarios que a limpen.

3ª A pesar das “xestións” feitas polo Goberno local e das innumerables veces que os veciños da zona e o grupo municipal dos socialistas de Cambre teñen demandado o servizo, o certo é que o autobús interparroquial segue sen subir aos rúas da Mota e Aldea de Arriba.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Cando terán acceso os veciños da Mota e Aldea de Arriba ao servizo de autobús interparroquial?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuída a competencia en materia de transportes, contesta que continúan premendo á Dirección Xeral, que é a competente, para obrigar a Autocares Vázquez a ir ou ben a que ceda esa parte da concesión, porque aquí, para situarse un pouco hai un problema competencial a nivel das concesións que teñen ambas compañías, e é competencia da Xunta o dirimir ese problema.

Eles seguen premendo porque son conscientes de que hai unha necesidade real de que o autobús suba, basicamente de que se dea o servizo, que o dea unha compañía ou outra para eles é, a priori, independente, pero si que se dea, e actualmente non se está dando.

O Sr. alcalde manifesta que por aclarar e abundar no asunto, porque é un tema que lle preocupa moito, di que eles deseñaron e presentaron na Xunta, xa hai dous anos, un itinerario alternativo para non tocar a estrada autonómica, é dicir, facelo polos camiños municipais, pero é que o problema é que as concesións que teñen as compañías de transporte de autobuses non é a concesión de circular por unha estrada, senón que é o núcleo de xente que recolle, e está así estipulado.

El sabe e cónstalle que a directora de Mobilidade, que por certo cambiou a semana pasada, premeu a Alfredo Vázquez para que cedera esa concesión, premeuno e está pendente de resolver e pendente de firmar o itinerario proposto polo concello, ese e outros cambios que propuxeron nalgúns outras zonas. Está pendente de sinatura, pero non sabe que día o vai firmar.

Di que el está desexando que o firme, porque é un tema que lle preocupa. Esas son as concesións que fan, que non se sabe cando acaban. Conclúe dicindo que intentarán resolvelo porque el cre que é un tema demandado por todos os grupos aquí, e a el mesmo lle afecta máis por ser precisamente da parroquia de Cecebre.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7568 o día 20 de setembro de 2014.

1ª Veciños do Temple diríxense a nós para comunicarnos que no percorrido do paseo da ría, existen deficiencias no mobiliario urbano (bancos e papeleiras rotas), así como lousas do firme rotas. Preguntamos se teñen coñecemento disto e se van pasar á reposición ou arranxo do dito mobiliario.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que antes quere facer unha aclaración, cando falan do paseo da ría están falando tanto do tramo do Graxal como do tramo do Temple vello, por dicilo así.

O Sr. alcalde sinala que pódelle contestar que si teñen coñecemento das deficiencias que hai alí, están recollidas. O Sr. Marante ten xa un programa de actuación, o que pasa é que el non llelo pode facilitar porque el non o ten, teno o concelleiro de Obras. Xa lle di que teñen coñecemento das actuacións que queren facer, e o luns, cando veña Marante diralle que lles pase unha copia das actuacións que van facer.

Dona Elisa Pestonit Barreiros expón que se hai un previsión de actuación, e se van repoñer as papeleiras que están rotas ou en mal estado, pregan por favor que coloquen unha papeleira no parque de mascotas que hai situado pasada a ponte da autoestrada. Hai un parque de mascotas, habilitado para o paseo de cans, que ten moitos usuarios e preguntan, por favor, se podían colocar unha papeleira alí, na entrada xusto da ponte de madeira que cruza para esa explanada, agradeceríano bastante.

2ª Preguntamos se se recibiu resposta por parte da empresa ASICASA sobre o escrito enviado e avaliado polas sinaturas de máis de 200 veciños sobre a problemática cos lectores de tarxetas de bus metropolitano.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuída a competencia en materia de transportes, contesta que non se recibiu resposta por escrito. A resposta que se recibiu foi de carácter oral nunha das reunións que se mantiveron con motivo dos temas antes tratados respecto do bus. Dixéronlles que efectivamente si existen incidencias no uso das tarxetas, que a xuízo da empresa esas incidencias son menores, con carácter porcentual, tendo en conta que realizan 10.000 operacións diarias. Hai fallos, non obstante, con todo e con iso, que eses fallos non son achacables á compañía, senón ao uso do chip da tarxeta que, por outra parte, están pendentes de cambiar.

Di que esa foi a contestación que recibiron.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, pregunta que están pendentes de cambiar, se é o sistema do lector, ou algo así.

Don Fernando Caride Suárez explica que non é un problema do lector. Polo que lles explicaron algunhas das tarxetas levan un chip dentro, porque son por proximidade, a banda non funciona, e ao metelas na carteira, dependendo de onde se leve a carteira, por exemplo se a levan no peto traseiro e se sentan, é posible que rompa ou se agrete a antena emisora. A persoa non o percibe porque a tarxeta está ben, pero é probable que rompa. Detectado ese problema, que segundo o checking de incidencias que teñen eles, é menor en relación ao número de usuarios que a utilizan, están pendentes de cambiar o sistema da tarxeta.

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que menor, ben, pero que aquí hai 200 sinaturas de veciños do Concello de Cambre que se queixan. É dicir, non lle pasou a unha, nin a dez, nin a vinte, é que lle pasou a moitas persoas. Non sabe que sistema terán que poñer, pero o que non poden facer entón é cobrar o billete a tarifa normal, en vez de tarifa reducida, que é como cobrarían coa tarxeta, e menos aínda cando o usuario vai á caixa da aforros ou banco correspondente a solicitar unha tarxeta nova, e llela volven cobrar. En todo caso non deberían cobrar nada, entende ela.

De todas formas di que supón que lles responderán por escrito, supón.

O Sr. alcalde di que pedirán que respondan por escrito.

Don Fernando Caride Suárez aclara que o comentario de que son incidencias menores, non é un comentario del, é un comentario da empresa, na contestación oral que lles fixeron á pregunta. Di que a empresa o fai con base nas incidencias que teñen, se teñen 10.000 incidencias ao día e hai X, pero que representan porcentualmente algo menor, pois son de carácter menos. Non obstante, di que coñecen o problema e están en visos de cambiar o sistema de tarxetas.

3ª No pleno de marzo puxemos en coñecemento do Goberno a falta do contedor de orgánicos no Rocón, desaparecido nas festas de San Xoán do ano 2013, segundo nos informan os veciños. A día de hoxe non se repuxo o dito contedor, por iso preguntamos se fixeron algunha xestión ao respecto.

O Sr. alcalde contesta que el a xestión que fixo foi ir velo, e o contedor xa está posto. Cando se puxo di que non o sabe, se o puxo o Sr. Marante non o sabe, el á vista da pregunta foi ver e o contedor xa estaba posto.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que o venres non estaba.

O Sr. alcalde responde que onte estaba, no Rocón, agora, cando o puxo o concelleiro de Obras, el non o sabe.

A continuación, dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, manifesta que ten unha pregunta sen contestar polo Sr. Andreu, que non estaba no anterior pleno. A pregunta era cando ten previsto convocar a reunión para tratar o cambio que propón o Goberno municipal respecto da mesa de contratación.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación contesta que na vindeira xunta de voceiros.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7585 o día 20 de setembro de 2014, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª O grupo municipal de EU ten presentado distintas iniciativas sobre o acondicionamento do terreo “Molina” nas inmediacións do concello, e a posibilidade de negociar cos propietarios ao seu paso para aparcadoiro público.

Recentemente a parcela foi rozada polos seus donos coa intención de instalar un valado delimitando a propiedade e eliminar o aparcadoiro.

Pode informarnos o Sr. alcalde se mantivo algún tipo de conversas ou negociación co fin de seguir utilizando o espazo para servizo de aparcamento dos veciños/as e do propio concello.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que se falou coa familia, pero seguen mantendo a súa postura de querer pechar a parcela.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que a pregunta vén porque ese terreo estívoe utilizando a través de moitísimos anos, e nunca se puxo problema para aparcар aí, nin incluso para facer depósito de contedores.

Di que o que a eles lles estraña é que de súpeto a familia Molina diga que vai pechar o terreo. El, en dúas preguntas que fixeron, non sabe se unha foi nunha comisión e outra no pleno, dicía o Sr. alcalde que ao mellor en vez de esixirlle que rozaran o terreo, que se negociara coa familia, a ver se o terreo o podía limpar o concello e podía seguir utilizándoo para aparcadoiro, tanto dos traballadores do concello, a policía local ou os veciños.

O que o que el non entende é por que esa negativa da familia Molina, non sabe se foi porque como lles mandaron limpar o terreo a eles, agora queren pechalo, e están en todo o seu dereito.

O Sr. alcalde manifesta que, xa que o Sr. Taibo o cita, el vaille contestar e vaille falar das reunións que tivo coa familia Molina. Vai falar do que coñece, do ano 2011. Loxicamente cando tomou posesión como alcalde e lle ensinaron o despacho, o primeiro que viu foi como estaban colocadas as mesas e cambiounas de sitio porque non lle gustaba. Pero despois asomouse á ventá e viu ese terreo e preguntouse de quen era, porque estaba cheo de maleza, con moita maleza depositada, cortada anteriormente e seca abaixo. Iso supoñía un problema, porque a continuación viñan as festas de agosto, e saben daquel decreto da Xunta do ano 2011, que establecía unha distancia de 400 metros.

Preguntou en Urbanismo que pasaba con ese terreo e díxéronlle que era dos Molina. Viu todo o expediente, viu que os Molina son 8 ou 9 herdeiros. A concelleira fixo o seu traballo, os técnicos fixeron o seu traballo, trataron de contactar cos Molina e aquí non apareceu ninguén. Mandáronselles cartas, escritos, e nin teléfono nin historias, aquí non apareceu ninguén. Por fin lograron localizar a un Molina que vive na Coruña, debeu poñerse en contacto cos que viven en Madrid, viñeron a falar con eles ao concello e dende o concello intentaron negociar. Díxolles que había que limpar o terreo, eles que nós tamén aparcábamos, estaban de acordo, propúxolles limpalo e que eles o deixaran de aparcadoiro e a resposta foi non, que ían rozar eles. El díxolles que moi ben, que encantado e que non había ningún problema.

Preguntoulles que cando o ían facer, porque era algo que urxía. Están falando do ano 2011, despois 2012 e 2013. Despois veñen as festas e non poden tirar os foguetes, teñen que suprimir fogos e demais. Efectivamente, cumpriron a palabra, á semana seguinte había un señor aí cunha rozadora. Colleu e rozou o canto das silvas que caían para aquí, acabou o señor e marchou, el mirou pola ventá e dixo vaia roza e supuxo que volvería ao día seguinte. Ao día seguinte nada, pasou unha semana, nada, pasaron quince días, nada, pasou un mes, nada, e díxolle á concelleira de Urbanismo que tiñan que reiniciar de novo o expediente.

Reiniciaron o expediente. Chamaron por teléfono, mandaron escritos, e nin caso, ata as vacacións. Claro, como o expediente xa estaba iniciado os prazos son máis curtos, xa estaba publicado no Boletín Oficial e a empresa de roza contratada para facelo, porque a el parecíalle unha tomadura de pelo.

A semana anterior a que comezara a empresa contratada a rozar, apareceron os señores Molina dicindo que tal, que eles tamén tiñan presentado unha licenza para pechar o terreo, polo muro e tal, e el díxolles que si, pero que unha cousa non tiña que ver coa outra. Díxolles que el levaba aquí tres anos e que en tres anos non se lle tocara, e que por riba eles tíñanse comprometido con el a rozar o terreo, que mandaron un señor, cortou catro silvas e marchou, así que ou rozaban eles ou rozaba el. Pedíronlle que lles dera uns días, e palabras textuais díxolles que ata o 1 de setembro, que o 1 de setembro empezaba a empresa que o concello tiña contratada se eles non comezaban a facelo.

Efectivamente, chamaron a uns amigos, o concello tivo que dicirlle á empresa que non rozara, rozaron eles e deixárona rozada. E agora están pendentes da licenza que presentaron para pechar o seu terreo, para iso é deles, pero non queren saber nada de negociacións, porque hai que negociar con oito irmáns. Non é un propietario, son oito, entón non queren saber nada de negociacións, pero ben, o terreo está limpo, e perderon seis prazas de aparcamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que el dicía que lle estrañaba, despois de moitísimos anos, e sobre todo dunha familia que tivo un vínculo moi importante con Cambre e con moitísima xente de Cambre, que se pecharan en banda agora e quixeran pechar o terreo. É que lle estraña un montón, o que pasa é que tampouco se pode, ao mellor, falar desa maneira, se non a rozan vostedes, a rozamos nós. Ao mellor había que expoñelo doutra maneira.

O Sr. alcalde dille ao voceiro de EU que el coñéceo a el, e que el reunise catro veces coa familia. A primeira e segunda vez que se reuniu despedíronse dándolle un bico, a señora. A última vez tamén se despediu dándolle outro bico, é dicir, non hai tensión, o que pasa é que eles mesmos o din. Preguntan quen se vai facer cargo dos gastos, porque hai parentes, hai irmáns que non queren saber nada do tema. O concello non pode decidir sobre un terreo, é máis, se esta roza a tiveran que pagar eles, di que a ver como lle pasaban a factura aos outros.

O que non poden é seguir con ese terreo como estaba, iso como outros, que están no mesmo proceso.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que os gastos correrían a conta do concello sempre e cando o terreo se puidera seguir utilizando, eles non terían que pagar ningún tipo de gastos. Cre que o beneficiario seguiría sendo o concello.

O Sr. alcalde contesta que a súa primeira proposta foi que limpara o terreo o concello, para facer aí un aparcadoiro, en todo o terreo, non nese anaco soamente, e díxeronlle que non, e Rocío, que é a concelleira de Urbanismo está aquí e o sabe, e non hai que darlle máis voltas.

2ª Non descubrimos ningunha novidade se afirmamos que dentro do noso territorio municipal existen puntos que se utilizan como vertedoiros de residuos sólidos de lixo ou de calquera outro tipo de produtos materiais, algúns deles situados en zonas urbanas, afeando o contorno e deteriorando o medio natural.

Neste caso veciños do Temple denunciaron ao noso grupo o depósito de toneladas de entullos nunha parcela situada nas inmediacións das rúas Travesía da Igrexa e Travesía da Coutelana.

Polo anterior preguntamos nos informen sobre o mencionado vertido.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que é unha acumulación temporal das obras que se están facendo no Paraugas e, cando finalicen as obras, retíranse todos os entullos que se están acumulando alí neste momentos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a el non lle parece o sitio máis adecuado para facer un vertido, aínda que sexa temporal, porque son os restos das obras do Paraugas, pero a xente sae pola ventá e ve ese espazo tan bonito alí. Cre que habería outros sitios onde acumular o material, sobre todo cando se trata dunha obra pública, onde o concello debe mirar un pouco máis por ese tipo de vertidos e por ese tipo de depósitos, porque ese vertido que era nun principio de entullos, estase convertendo nun espazo onde se verte de todo, dende mobles ata todo tipo de porcallada, iso é o que ocorre.

3ª Unha vez máis o noso grupo pregunta:

Cando pensa o Goberno repoñer o cano da fonte situada no lugar da Igrexa en Cela.

O Sr. alcalde contesta que van facelo xa, que lle dea unha semana e estará posto o cano.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7617 o día 22 de setembro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª En que se concreta o anunciado en prensa entre o concello e Augas de Galicia respecto do río Mero?

O Sr. alcalde contesta que el non anunciou nada en prensa, que o anunciou Augas de Galicia a unha pregunta no Parlamento de Galicia que lle fixo cre que o grupo do BNG, o Sr. Jorquera.

Don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que na páxina web do concello aparece recollida a información.

O Sr. alcalde explica que recolleron a información precisamente da páxina do xornal, e máis do Parlamento de Galicia.

Di que eles levan traballado moito tema no tema do río Mero, na roza, na limpeza, con Augas de Galicia. Por fin lograron que Augas de Galicia contratara un estudo de enxeñería medioambiental para facer o que o concello lle pedía, que eran os tres

espazos que sempre discuten en pleno, incluso foi aprobada unha moción para facer eses tres espazos de lecer no río Mero.

O BNG fíxolle a pregunta a Augas de Galicia e Augas de Galicia respondeu. El o que é o estudo aínda non o ten, porque segundo lle dixeron os enxeñeiros que o están facendo, aínda está sen rematar, pero vaíse rematar e van ir os tres espazos de lecer que se recolleron aquí nunha moción. É o que lle pode comentar.

2ª Que ten pensado facer o concello para solucionar os problemas de acceso ao centro social de San Lourenzo?

O Sr. alcalde contesta que isto debería respondelo o Sr. Marante, pero el vaille contestar o que sabe. No centro social de San Lourenzo efectivamente houbo un problema co tendido eléctrico.

Teñen un proxecto, ou mellor dito, un plano para facer a actuación ao redor do parque infantil e do centro sociocultural de San Lourenzo. Pediron unha subvención á Vicepresidencia da Xunta, pero aínda non teñen resposta, pero supón que nestes días llela darán. Se a conceden, entón inmediatamente farán a obra, se non, ao mellor tardan un mes máis, pero arranxar van arranxala.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que falou noutro pleno con Marante e é culpa del por non explicitalo suficientemente, pero aí hai outro problema tamén.

O Sr. alcalde di que si, que aquilo é un fangal.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se iso vai ir ligado no mesmo proxecto.

O Sr. alcalde responde que si, que iso vai na mesma obra.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia